

*Plan De Acción FLOSS*



*Ano 2011*

**XUNTA DE GALICIA**

# *Plan De Acción FLOSS - Ano 2011*

Oficina de Coordinación FLOSS

XUNTA DE GALICIA

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

Santiago de Compostela

2011

Elaborado por: **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica**

© Xunta de Galicia.

Esta obra está baixo unha licenza

Recoñecemento-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.



Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/>

Este informe está dispoñible no portal IMIT da Xunta de Galicia:

<http://imit.xunta.es>

## Índice

CAPÍTULO 1.- <u>INTRODUCCIÓN</u> .....	9
CAPÍTULO 2.- <u>PROMOCIÓN DO FLOSS NO ÁMBITO EMPRESARIAL</u> .....	13
1.- <u>CENTRO DEMOSTRADOR TIC CON SOLUCIÓNS FLOSS PARA PEMES</u> .....	13
2.- <u>SERVIZO INTEGRAL PARA A PEME</u> .....	14
<u>Actualización do directorio de empresas FLOSS de Galicia</u> .....	14
<u>Servizo de asesoramento ás empresas en materia de FLOSS</u> .....	14
<u>Servizo de asesoramento ás empresas do sector TIC en materia de liberación e publicación de FLOSS</u> .....	15
<u>Elaboración de estudos comparativos de Software Empresarial</u> .....	15
3.- <u>ACHEGAR ÁS EMPRESAS GALEGAS OS BENEFICIOS DOS PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E INFORMES DE MELLORA FLOSS PROMOVIDOS DENDE CENATIC</u> .....	15
4.- <u>ADAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO REPOSITORIO FLOSS DE GALICIA</u> .....	16
5.- <u>MEDIDAS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FLOSS NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS</u> .....	17
CAPÍTULO 3.- <u>FOMENTO DO FLOSS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</u> .....	19
1.- <u>DEFINICIÓN DO PROCEDIMENTO PARA LICENCIAR COMO FLOSS O SOFTWARE PROPIEDAD DA XUNTA DE GALICIA</u> .....	19
2.- <u>SERVIZO DE CERTIFICACIÓN DE LIBERACIÓN DO SOFTWARE DESENVOLVIDO</u> .....	20
3.- <u>SERVIZO DE ASESORAMENTO SOBRE FERRAMENTAS FLOSS PARA AS NECESIDADES TIC DA XUNTA DE GALICIA</u> .....	20
4.- <u>DEFINICIÓN DE POLÍTICAS PARA O FOMENTO DA INTEROPERABILIDADE E REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO</u> .....	20
5.- <u>DEFINICIÓN DE POLÍTICAS E PROCEDIMENTOS DE CARA A ADOCIÓN DE FLOSS DENTRO DA XUNTA DE GALICIA</u> .....	21
6.- <u>IMPULSO DO FLOSS NA XUNTA DE GALICIA</u> .....	21
<u>Presidencia e Consellería de Presidencia</u> .....	22
<u>Consellería de Cultura e Turismo</u> .....	24
<u>Consellería de Traballo e Benestar</u> .....	25
<u>Consellería de Sanidade</u> .....	25
<u>Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</u> .....	25
<u>Consellería de Facenda</u> .....	26
<u>Consellería de Economía e Industria</u> .....	27
<u>Consellería de Medio Rural</u> .....	28
<u>Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas</u> .....	28
<u>Consellería do Mar</u> .....	29
CAPÍTULO 4.- <u>FORMACIÓN E DIFUSIÓN FLOSS</u> .....	31

1.- <u>DIFUSIÓN E POTENCIACIÓN DOS SERVIZOS DO PORTAL MANCOMÚN</u> .....	31
2.- <u>DIFUSIÓN SOBRE FLOSS E A OFERTA DE SERVIZOS DA OCFLOSS NO ÁMBITO EMPRESARIAL</u> .....	32
3.- <u>PUBLICACIÓN DO REPOSITORIO DOCUMENTAL SOBRE FLOSS</u> .....	32
4.- <u>FOMENTO DA TRADUCIÓN DE FLOSS AO GALEGO</u> .....	32
5.- <u>FORMACIÓN AO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DENDE A EGAP</u> .....	33
6.- <u>FORMACIÓN AO PERSOAL DOCENTE DENDE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN</u> .....	33
7.- <u>FORMACIÓN Á CIDADANÍA</u> .....	34
<u>Formación a través da Rede CeMIT</u> .....	34
<u>Formación en colaboración coas AGUSL</u> .....	35
8.- <u>FORMACIÓN E DIFUSIÓN NO ÁMBITO UNIVERSITARIO</u> .....	35
9.- <u>FORMACIÓN A TRABALLADORES E DESEMPREGADOS A TRAVÉS DO CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE GALICIA</u> .....	36
10.- <u>FOMENTO DA ELABORACIÓN DE CONTIDOS FORMATIVOS E DOCENTES LIBRES, PREMIANDO OS DIRIXIDOS AO PROFESORADO</u> .....	36
<b>CAPÍTULO 5.- <u>ACCIÓNS EN COLABORACIÓN CON AXENTES FLOSS</u></b> .....	<b>39</b>
1.- <u>CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES GALEGAS</u> .....	39
2.- <u>CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN CONSULTORÍA DE SOFTWARE LIBRE</u> .....	40
3.- <u>CONVENIO DE COLABORACIÓN CON AGASOL</u> .....	41
4.- <u>CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CPEIG E AGASOL</u> .....	41
5.- <u>CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS AGUSL</u> .....	42
<b>CAPÍTULO 6.- <u>TÁBOA DE RESUMO ECONÓMICO</u></b> .....	<b>45</b>
<b>CAPÍTULO 7.- <u>ANEXOS</u></b> .....	<b>47</b>
1.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DA OSL DA UDC</u> .....	47
<u>Introdución</u> .....	47
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	47
<u>Resumo da proposta</u> .....	57
2.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DA OSL DA USC</u> .....	58
<u>Introdución</u> .....	58
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	58
<u>Resumo da proposta</u> .....	66
3.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DA OSL DA UVIGO</u> .....	67
<u>Introdución</u> .....	67
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	67
<u>Resumo da proposta</u> .....	74
4.- <u>PROGRAMA DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO CONDUCENTE A TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN CONSULTORÍA EN SOFTWARE LIBRE</u> .....	75
<u>Introdución</u> .....	75
<u>Programa do Máster en Consultoría de Software Libre</u> .....	75

5.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE AGASOL</u> .....	80
<u>Introdución</u> .....	80
<u>Plan de actuación detallado</u> .....	80
<u>Resumo da proposta</u> .....	82
6.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE AMIGUS</u> .....	83
<u>Introdución</u> .....	83
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	83
<u>Resumo da proposta</u> .....	85
7.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE COMUNIDADE O ZULO</u> .....	86
<u>Introdución</u> .....	86
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	86
<u>Resumo da proposta</u> .....	89
8.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE GALPON</u> .....	90
<u>Introdución</u> .....	90
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	90
<u>Resumo da proposta</u> .....	96
9.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE GHANDALF</u> .....	97
<u>Introdución</u> .....	97
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	97
<u>Resumo da proposta</u> .....	103
10.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE GPUL</u> .....	104
<u>Introdución</u> .....	104
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	104
<u>Resumo da proposta</u> .....	108
11.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE INESTABLE</u> .....	109
<u>Introdución</u> .....	109
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	109
<u>Resumo da proposta</u> .....	114
12.- <u>PLAN DE ACTUACIÓNS DE TRASNO</u> .....	115
<u>Introdución</u> .....	115
<u>Plan de actuacións detallado</u> .....	115
<u>Resumo da proposta</u> .....	120

## CAPÍTULO 1.- INTRODUCCIÓN

En 2010 a Xunta de Galicia puxo en marcha o [Plan de Acción 2010 en materia de software libre e de fontes abertas](#), configurando a través do mesmo o inicio dun camiño ben definido dirixido a fomentar en Galicia a utilización de tecnoloxías baseadas en software libre e de fontes abertas (FLOSS, de *Free/Libre/Open Source Software*), así como o uso dos estándares abertos.

En 2010 o Plan de Acción contou cunha dotación específica de 800.000€, a cal se viu reforzada con 825.000€ adicados ao desenvolvemento e mantemento de plataformas FLOSS encadradas no proxecto estratéxico de eAdministración da Xunta de Galicia, e con 6.250.000€ adicados ao despregue de infraestrutura TIC baseada en FLOSS no ámbito das actuacións do Plan Abalar. Deste xeito, cun salientable orzamento real executado e cunha forte integración nas liñas de traballo definidas na [Axenda Dixital de Galicia 2014.gal](#), o Plan de Acción 2010 gozou dun alto grao de retorno e transversalidade, constituíndose nunha ferramenta de gran utilidade na unificación, racionalización e mellora das iniciativas TIC promovidas dende a Xunta de Galicia.

Tal como se detalla no “Informe de Seguimento do Plan de Acción FLOSS 2010”, a política de coordinación de actuacións acordada entre a Xunta de Galicia e os diversos axentes FLOSS galegos (AGASOL, Universidades, Asociacións de Usuarios, etc.) permitiu unha maior eficiencia na inversión, así como a execución dun gran número de actividades dirixidas a todos os compoñentes da nosa sociedade, e realizadas ao longo de toda a nosa xeografía.

Recapitulando, unha das principais actuacións incluídas no plan de acción do 2010 foi a creación da **Oficina de Coordinación FLOSS** no eido das Tecnoloxías da Información e a Comunicación baseadas en Software Libre e de Fontes Abertas. Durante o ano 2010 non só se constituíu esta oficina, senón que o traballo desenvolvido pola mesma baixo a dirección da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (SXMIT) permitiu que se convertera rapidamente nunha ferramenta de gran axilidade e eficacia para coordinar as diferentes accións promovidas pola Xunta de Galicia relativas ao fomento e promoción do FLOSS, así como para apoiar á propia Xunta de Galicia na definición a medio e longo prazo en materia de FLOSS. Entre os seus obxectivos figuran:

- **Colaborar no deseño das liñas de actuación** encamiñadas cara a promoción do FLOSS dende a Administración pública

galega.

- **Coordinar as accións desenvolvidas polos diversos axentes** que compoñen o ecosistema do FLOSS en Galicia, como Universidades, Asociacións de empresas, Asociacións de Usuarios...
- **Facer seguimento das accións promovidas pola Xunta**, avaliando a consecución dos obxectivos previstos.
- **Impulsar dende a administración a penetración do FLOSS** no tecido empresarial galego; en particular nas pemes, ben como empresa usuaria de FLOSS ben como empresa do sector TIC.



### *Encaixe funcional da Oficina de Coordinación FLOSS*

A Oficina de Coordinación FLOSS constituíuse pois no **punto de referencia para todos os axentes involucrados no desenvolvemento do software libre en Galicia**, fomentando o avance homoxéneo das distintas actuacións neste eido levadas a cabo dende todos os ámbitos.

Outra das accións instrumentais levadas a cabo durante o ano 2010 e materializada finalmente no primeiro trimestre de 2011 foi a **incorporación da Xunta de Galicia ao padroado de CENATIC**. Grazas a isto, Galicia conta xa con voz e voto na entidade que toma as decisións estratéxicas para o fomento do software libre a nivel estatal, dado que coa incorporación ao seu padroado a nosa comunidade autónoma vai participar directamente na elaboración da estratexia do CENATIC, na aprobación do seu plan de actuación



e do seu orzamento. Ademais reportará beneficios xerais inmediatos ao permitir participar dun xeito máis fluído en iniciativas promovidas a nivel estatal así como mellorar a colaboración coas comunidades autónomas e a administración xeral do estado para a compartición e reutilización do código liberado. Ademais permitirá profundar en accións concretas recollidas no noso plan de acción como son:

- Adaptación dos procedementos de calidade e avaliación FLOSS á realidade das empresas TIC de Galicia
- Dispoñer dun servizo de apoio para a certificación de que o software desenvolvido pode liberarse
- Dispoñer dun servizo de asesoramento sobre aspectos xurídicos, tecnolóxicos e metodolóxicos en materia de FLOSS.

O gran alcance dos resultados das accións FLOSS en 2010 promovidas dende a Xunta de Galicia son o mellor aval para reafirmar o compromiso da SXMIT en fomentar e difundir as vantaxes competitivas que o uso do Software Libre lle supoñen á nosa sociedade.

Para darlle novo percorrido e impulso a este bo camiño iniciado no 2010, a Xunta de Galicia presenta o **Plan de Acción 2011** no que se compromete a continuar co desenvolvemento das accións iniciadas no 2010 e profundar naquelas liñas que se consideran de importancia estratéxica para Galicia.

O marco estratéxico tecnolóxico da Xunta de Galicia, a Axenda Dixital 2014.gal establece unha serie de obxectivos estratéxicos a cuxa consecución pretenden contribuír as accións de promoción das tecnoloxías FLOSS recollidas no presente plan:

- **A modernización da Administración para facela máis eficiente e para achegala á sociedade**, ofrecendo novos servizos e de maior valor engadido que melloren a calidade de vida da cidadanía.
- **A competencia dixital** da poboación como base esencial para un emprego de calidade, a cohesión social e a calidade de vida.
- **O cambio profundo do modelo produtivo**, coa panca do uso intensivo das TIC, para conseguir unha economía sustentable e innovadora
- **A transformación e articulación dos axentes do**

**hipersector TIC** para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores chave para Galicia.

Con estes obxectivos presentes, o plan de acción FLOSS continuará desenvolvendo as liñas estratéxicas marcadas no ano 2010:

1. Impulsar unha oferta de solucións baseada en FLOSS de calidade
2. Promover a implantación efectiva dos estándares abertos
3. Fortalecer os mecanismos de formación e difusión dos modelos baseados en FLOSS e as súas vantaxes competitivas

Para a execución destas liñas estratéxicas o Plan de Acción FLOSS 2011 fai fincapé nas accións e actividades dirixidas a acadar en Galicia un maior uso do FLOSS nos ámbitos da Administración Pública, da Cidadanía e da Empresa, mantendo a colaboración cos axentes FLOSS galegos así como co CENATIC, coa intención de xuntar esforzos e executar unha estratexia global e integradora de forma coordinada cos medios da Oficina de Coordinación FLOSS.

O presente Plan de Acción FLOSS 2011 plasma o compromiso do goberno galego cunhas políticas TIC sostibles e de calidade, garante cos dereitos dos cidadáns e coas esixencias tecnolóxicas dos mesmos, rexidas polo principio reitor da cooperación, e dirixidas a modernizar Galicia.

## CAPÍTULO 2.- PROMOCIÓN DO FLOSS NO ÁMBITO EMPRESARIAL

Hoxe en día as TIC supoñen unha grande oportunidade para as empresas galegas á hora de facer fronte aos retos dun mercado cada vez máis globalizado e dixital. Son, sen dúbida, unha excelente ferramenta para mellorar a súa eficiencia e facilitar a innovación.

As tecnoloxías FLOSS achegan moitas vantaxes adicionais, xa que facilitan, en maior medida, o aliñamento da oferta do sector TIC coa demanda do tecido empresarial galego, a xeración de emprego cualificado nas empresas TIC galegas,... así como a xeración dun tecido TIC fundamentado no coñecemento, máis internacionalizable e internacionalizado. Á súa vez, as tecnoloxías FLOSS están demostrando ser unha excelente opción para os novos emprendedores e un importante elemento de diferenciación para as empresas xa establecidas.

En liña con esta situación, dende a SXMIT vanse promover unha serie de accións para favorecer e dinamizar o uso das TIC FLOSS no sector empresarial.

### 1.- Centro demostrador TIC con solucións FLOSS para pemes

Durante o ano 2010, creouse o **Centro público demostrador TIC**, que está rematando de habilitarse dentro das instalacións do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, no que as tecnoloxías FLOSS teñen un espazo de seu. No Centro demostrador FLOSS, as empresas do sector poderán amosar de forma práctica os seus produtos e servizos tecnolóxicos FLOSS ás empresas interesadas no uso das novas tecnoloxías de cara a mellorar a súa produtividade e competitividade.

O obxectivo é contribuír á integración da oferta FLOSS en TIC coas necesidades das empresas dos diferentes sectores estratéxicos de Galicia, facilitando que estas poidan coñecer as solucións FLOSS e integralas na súa actividade como unha vantaxe competitiva superando a reticencia que moitas delas teñen para utilizar este tipo de software.

Durante o ano 2011 entrará en funcionamento este centro cunha programación na que o FLOSS terá unha forte presenza. A SXMIT, operativamente a través da Oficina de Coordinación FLOSS, colaborará activamente co sector empresarial FLOSS para potenciar as actividades de difusión e formación nestas tecnoloxías

no Centro demostrador.

## 2.- Servizo integral para a PEME

Continuando coas actuacións iniciadas durante o ano 2010, durante este ano darase continuidade e potenciarase o servizo integral para a peme galega co obxectivo de que poidan dispoñer dun punto de referencia onde coñecer solucións baseadas en FLOSS para as súas necesidades, así como que empresas galegas poden adaptalas a produtos concretos orientados a sectores con presenza en Galicia.

Para a consecución deste obxectivo levaranse a cabo as seguintes actuacións:

### Actualización do directorio de empresas FLOSS de Galicia

No portal mancomún existe un directorio de empresas que ofrecen servizos relacionados con tecnoloxías FLOSS. A información presente neste directorio presenta certas deficiencias que lle restan utilidade. Ao longo do primeiro semestre de 2011 realizarase unha actualización da información deste directorio así como unha reorganización da mesma co obxectivo de que calquera empresa non TIC, ou mesmo a propia administración, teña acceso de forma sinxela a información precisa para contactar con empresas que lle poidan prover solucións FLOSS para as súas necesidades.

O directorio recollerá os casos de éxitos das empresas galegas así coma a información dos produtos e tecnoloxías concretas sobre as que cada empresa é quen de ofrecer os seus servizos.

A existencia do directorio de empresas facilitará ademais o seguimento e difusión das accións relevantes en materia de FLOSS realizada por parte das empresas galegas.

### Servizo de asesoramento ás empresas en materia de FLOSS

A Oficina de Coordinación FLOSS establecerá un servizo de asistencia para as pemes ofrecendo asesoramento de primeiro nivel sobre solucións baseadas en FLOSS, e respondendo ás dúbidas e consultas máis habituais sobre as posibilidades do FLOSS no mundo da empresa.

Ademais procurárase unha estreita colaboración co sector TIC FLOSS, de cara a recomendar solucións así como informar dos diferentes provedores de servizos relacionados con FLOSS en Galicia en base ao Directorio de Empresas FLOSS.

### Servizo de asesoramento ás empresas do sector TIC en materia de liberación e publicación de FLOSS

A Oficina de Coordinación FLOSS establecerá un servizo de asesoramento ás empresas do sector TIC galego elaborando **recomendacións e protocolos** para a publicación e liberación de software libre e de fontes abertas. Ofrecerá **asesoramento básico** en materia de licenciamento, modelos de xeración de negocio ao redor do FLOSS e xestión da comunidade. Analizaranse **casos de éxito** de liberación daquelas empresas que teñan realizado procesos de liberación do seu software.

Ademais facilitarase apoio ás empresas do sector TIC galego para que poidan empregar os servizos asociados ao Repositorio FLOSS de Galicia así coma dos demais servizos existentes no portal mancomún.

Ademais das medidas anteriores para promover o fortalecemento do sector das TIC galego, levaranse a cabo actuacións para a xeración dunha maior oferta de servizos FLOSS nas empresas TIC galegas. Así, en colaboración con AGASOL, darase formación ás empresas TIC para ofrecer servizos en torno ao Xestor de proxectos web, NavalPlan, publicado con licenza AGPL, e realizarase unha implantación do mesmo en varias empresas do sector naval.

### Elaboración de estudos comparativos de Software Empresarial

A Oficina de Coordinación FLOSS continuará coa labor de realización de estudos comparativos de FLOSS orientados ao ámbito empresarial.

Continuando a liña de estudos comezada co estudo de plataformas de comercio electrónico, realizado en 2010, os estudos a desenvolver en 2011, estarán orientados aos sectores con presenza en Galicia en base ás necesidades detectadas mediante as consultas realizadas ao servizo de asesoramento.

### **3.- Achegar ás empresas galegas os beneficios dos procedementos de avaliación e informes de mellora FLOSS promovidos dende CENATIC**

Adaptación dos procedementos de avaliación FLOSS de ámbito estatal, en colaboración con CENATIC, para as empresas galegas que desenvolvan solucións en FLOSS, de modo que mediante a certificación baixo estes procedementos se poida constituír un Rexistro ou Selo que contribúa significativamente a garantir a solvencia das empresas en cuestión e minimize as reticencias das

empresas cliente a utilizar este tipo de solucións.

Do mesmo xeito, os informes de mellora que se van entregar ás empresas que participen nestes procesos vanlles permitir contar cunha avaliación externa avalada polo CENATIC.

Con esta iniciativa, constitúese unha ferramenta que vai achegar un maior grao de seguridade ás empresas non TIC que estean pensando na utilización de software libre e de fontes abertas e teñan dúbidas respecto do mantemento e sostibilidade destes desenvolvementos.

Xunto coa adaptación dos procedementos de avaliación definidos polo CENATIC ao contexto TIC de Galicia, promocionaranse as avaliacións de modo que dispoñer das mesmas sexa un aliciente para as empresas ofertantes de servizos tecnolóxicos.

#### **4.- Adaptación e promoción do Repositorio FLOSS de Galicia**

Logo do estudo e análise levado a cabo durante o ano 2010, no que se recolleu e integrou toda a retroalimentación achegada polos diversos axentes do ecosistema FLOSS galego, durante o primeiro semestre do 2011 realizarase a adaptación efectiva e reestruturación do Repositorio de software libre e de fontes abertas que ten actualmente a Xunta de Galicia, coñecido como a Forxa de mancomún.

O Repositorio FLOSS de Galicia vai integrar todo o contido preexistente na Forxa de mancomún, e vai desprezar unha serie de novas e ambiciosas ferramentas e funcionalidades destinadas a convertelo nun referente non só para a comunidade de desenvolvedores FLOSS de Galicia, senón para a propia Administración Galega e resto de axentes FLOSS. O Repositorio FLOSS de Galicia adaptarase ás novas necesidades dos desenvolvedores incorporando novas funcionalidades como o soporte de novos sistemas de xestión de código fonte distribuídos. O Repositorio tamén vai fornecer ferramentas dirixidas a facilitar que a Xunta de Galicia poida publicar baixo licenzas libres aquel software da súa propiedade que considere de interese para a sociedade, empresas e outras administracións públicas e que sexa susceptible de xerar unha comunidade de desenvolvemento e de usuarios ao seu redor.

### 5.- Medidas de apoio ao desenvolvemento de FLOSS nas convocatorias de axudas

A SXMIT é consciente da importancia que teñen as convocatorias de axudas públicas como ferramenta de dinamización económica. No caso concreto das Axudas TIC promovidas dende a propia SXMIT, a importancia das mesmas vese aínda máis potenciada debido ao seu status de fomentadoras non só da mellora tecnolóxica, senón tamén da innovación.

En liña coa importancia desta ferramenta, e considerada a transversalidade do FLOSS nas políticas TIC da Xunta de Galicia, o software libre e de fontes abertas, os estándares abertos, a reutilización de información e mailo licenciamiento libre de contidos teñen un peso moi significativo na avaliación dos diversos proxectos concorrentes ás axudas, dándolle deste xeito un plus de recoñecemento e valoración ao proxectos concibidos baixo estes principios.





## CAPÍTULO 3.- FOMENTO DO FLOSS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Xunta de Galicia é unha importante consumidora de produtos e servizos software, tecnoloxía, etc.

A Axenda Dixital 2014.gal, na Liña estratéxica 2, “Administración eficiente”, identifica unhas serie de obxectivos co fin de mellorar a calidade dos servizos públicos, modernizar a administración, profundar na transparencia da súa actuación, promover a participación cidadá e garantir os principios de eficiencia, eficacia, calidade e sustentabilidade. Entre eles márcase un importante obxectivo de cara ao fomento do FLOSS na Xunta de Galicia, poñendo como meta acadar para o ano 2014 unha redución do 30% do custo de licenzas software en favor de software libre e de fontes abertas e conseguir un aforro dun 5% do orzamento TIC a través do impulso do uso do software libre en Galicia.

Na procura deste obxectivo, e seguindo a liña de traballo iniciada durante o pasado ano, continuarase fomentando a implantación de solucións e ferramentas baseadas en software libre dentro dos sistemas e aplicacións da propia Xunta de Galicia a través das seguintes actuacións previstas para o ano 2011.

### **1.- Definición do procedemento para licenciar como FLOSS o software propiedade da Xunta de Galicia**

En relación ás medidas xa executadas en 2010, actualmente xa se inclúen cláusulas nos pregos de especificacións administrativas dirixidas a conseguir a seguridade xurídica de que os desenvolvementos software contratados dende a administración autonómica son propiedade da Xunta de Galicia.

Unha vez garantida a propiedade sobre os desenvolvementos coas medidas tomadas en 2010, en 2011 a SXMIT vai continuar na definición do proceso que debe de seguir o software de interese para a súa publicación no Repositorio FLOSS de Galicia. Neste mesmo eido, a SXMIT traballou durante o 2010 na elaboración da “Guía de boas prácticas nos procedementos de contratación das TIC”, documento aprobado e en vigor dende comezos de 2011, e dende o cal a SXMIT promove e prima a contratación de solucións e servizos FLOSS, garantindo a mesma a través de cláusulas particulares nas contratacións TIC.

Grazas a estes mecanismos e procedementos, a Xunta de Galicia estase dotando das ferramentas necesarias para poñer a

disposición da cidadanía, das empresas e doutros organismos da Administración aqueles desenvolvementos realizados baixo contratos da Xunta e financiados con fondos públicos, sempre que poidan ser de interese para axentes externos á propia Xunta.

En 2011 continuarase tamén coa análise e identificación de software existente susceptible de ser publicado con licenzas libres, co obxectivo de que ao longo do ano 2011 se liberen os primeiros aplicativos propiedade da Xunta de Galicia.

## 2.- Servizo de certificación de liberación do software desenvolvido

Desde a Oficina de Coordinación, en colaboración con CENATIC, vaise ofrecer á administración pública galega, un servizo que audite o código dun desenvolvemento e certifique se está libre de fragmentos e dependencias con software non libre, e determine polo tanto se pode liberarse, ou baixo que condicións se pode facer a súa publicación.

Este servizo vai ser empregado para avaliar os desenvolvementos contratados desde a propia administración, onde vai esixirse nos concursos, nos casos en que sexa viable, que o código desenvolvido para a administración e financiado por fondos públicos sexa libre e de propiedade da administración, estando polo tanto en condicións de liberarse.

## 3.- Servizo de asesoramento sobre ferramentas FLOSS para as necesidades TIC da Xunta de Galicia

Co obxectivo de facilitar o coñecemento das distintas solucións FLOSS existentes para cubrir as necesidades TIC dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a SXMIT ofrecerá a través da oficina de Coordinación FLOSS un servizo de asistencia e asesoramento en materia FLOSS, cubrindo aspectos de licenciamiento, alternativas existentes, empresas galegas que ofrecen servizos en torno a elas ...

## 4.- Definición de políticas para o fomento da interoperabilidade e reutilización da información do sector público

A Xunta de Galicia estableceu en 2010 unha serie de directrices de obrigado cumprimento para todos os seus departamentos sobre **Políticas de uso de formatos de arquivos asociados aos contidos web**. Esta política é de obrigado cumprimento nas comunicacións desde a administración da Xunta de Galicia coa

ciudadanía e empresas, e recibirá en 2011 o impulso apropiado para que progresivamente se vaia incorporando o seu uso na xestión interna diaria da Xunta de Galicia. A Oficina de Coordinación FLOSS apoiará á Xunta de Galicia na detección daqueles servizos que non son de nova implantación que non cumpren coa utilización de estándares abertos.

Durante o 2011 traballarase tamén na definición de novas políticas para garantir a interoperabilidade e neutralidade tecnolóxica nas webs da administración autonómica. Así mesmo, a SXMIT materializará a través da Oficina de coordinación FLOSS un servizo de apoio para facilitar o cumprimento destas medidas.

#### **5.- Definición de políticas e procedementos de cara a adopción de FLOSS dentro da Xunta de Galicia**

Como directrices xerais de actuación para todos os departamentos da administración autonómica destacan as seguintes:

- Inclusión, en todas as contratacións de desenvolvemento software, de cláusulas relativas a adquisición dos dereitos de propiedade intelectual sobre o código fonte desenvolvido, sendo este un requisito imprescindible nas devanditas contratacións, e básico para poder proceder á súa publicación no Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia.
- Os novos desenvolvementos deberán estar baseados no uso de estándares abertos ou amplamente aceptados no mercado, se a primeira opción non resulta viable, e empregando compoñentes FLOSS na medida do posible.
- A documentación publicada nas webs corporativas deberá facerse de acordo coa Política de uso de formatos abertos nos contidos web.

Ao longo do 2011 a Oficina de coordinación FLOSS apoiará á Xunta de Galicia na definición de medidas ou procedementos que favorezan a progresiva adopción de ferramentas e tecnoloxías FLOSS dentro dos sistemas e aplicativos internos da Xunta de Galicia.

#### **6.- Impulso do FLOSS na Xunta de Galicia**

A continuación refírense as actuacións particulares de cada unha das Consellerías da Xunta de Galicia en materia de implantación ou

mantemento de servizos baseados en FLOSS, así como na adopción de ferramentas FLOSS.

### Presidencia e Consellería de Presidencia

Dende a SXMITE elaborouse a finais do pasado ano unha maqueta corporativa para a súa instalación en **todos os novos equipos adquiridos** pola Xunta de Galicia para calquera dos seus departamentos. Esta maqueta inclúe o navegador Firefox, a suite ofimática OpenOffice.org así como outras utilidades con licenza libre como VLC, 7zip ou Pdf Creator. Desta forma todos os traballadores da administración autonómica terán a posibilidade de empregar tecnoloxías libres no seu traballo diario.

Así mesmo, o equipamento adquirido para as instalacións da rede CeMIT, levará instalado o sistema operativo Ubuntu sobre o que se instala un S.O. Windows virtualizado para poder realizar formación a persoal funcionario daqueles aplicativos corporativos que soamente son compatibles con dito sistema.

No que respecta á promoción do FLOSS na implantación de servizos, dende a SXMITE estase a promover o emprego de ferramentas de desenvolvemento baseadas en software libre e de fontes abertas no software que compón o **mapa de sistemas da administración pública**. É moi destacable a presenza de solucións e produtos FLOSS nas seguintes 4 liñas de actuación:

- **Presenza da administración pública en Internet**, como canle para a prestación de servizos de información, acceso a servizos públicos dixitais ou apertura de canles de participación. Neste sentido portais de referencia institucional como son o propio portal [www.xunta.es](http://www.xunta.es), ou diferentes portais departamentais como a evolución do portal da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou portal da Casa de Galicia, etc,...

Ademais tamén se fomentan os portais baseados en fontes abertas noutros portais temáticos ou vinculados ás iniciativas tecnolóxicas como son [imit.xunta.es](http://imit.xunta.es) ou [www.osimga.es](http://www.osimga.es) e, por suposto, o portal [www.mancomun.org](http://www.mancomun.org) e todos os servizos asociados a dito portal.

- **Prestación de servizos ao empregado público**, como a intranet corporativa da Xunta de Galicia (<http://intranet.xunta.es>) ou a intranet da administración de xustiza en Galicia (<http://intranetxustiza.xunta.es>), a través das cales pónense a disposición dos empregados

públicos servizos como o acceso a información de interese, recompilación de acceso a servizos, información diaria de actos, formación, espazos de participación, etc..

- Elementos para o **desenvolvemento da administración electrónica**. Un dos eixos fundamentais de desenvolvemento de sistemas de información na Xunta de Galicia neste momento son os proxectos vinculados ao desenvolvemento do decreto 198/2010 de desenvolvemento da administración electrónica da administración pública de Galicia. Así, no desenvolvemento das iniciativas vinculadas á prestación de servizos á cidadanía no marco da administración electrónica previstos para o ano 2011, tamén se está dando pulo ao emprego de FLOSS nos seguintes 3 proxectos prioritarios:
  - Proxecto de configuración do **registro único da Xunta da Galicia**, que integra os rexistros presenciais e electrónicos nun rexistro común, e que incorpora os conceptos de dixitalización da documentación, compulsa electrónica e en definitiva o tratamento do documento electrónico. O desenvolvemento da aplicación de rexistro que dea soporte a este procedemento estará baseada en ferramentas de fontes abertas.
  - Así mesmo, o sistema de rexistro estará sustentando nun **sistema de xestión documental e arquivo electrónico** para o rexistro e acceso dos documentos electrónicos. Este sistema de arquivo desenvolverase en base a un sistema de xestión documental baseado en FLOSS.
  - O desenvolvemento dunha nova versión da **guía do cidadán** que permita ampliar dita guía para a integración de servizos ao cidadán e a integración da propia guía co sistema de rexistro.
- **Sistemas para a xestión interna da administración pública**, onde se inclúen diferentes aplicacións que dan cobertura á xestión de unidades da administración pública.
  - Evolución do **sistema de relacións parlamentarias** que establece a canle de comunicación das diferentes iniciativas ou preguntas parlamentarias entre os implicados na súa resposta.
  - **Sistema para a xestión das ordes de protección a muller** e os centros de información a muller.

- Desenvolvemento do **sistema de xestión para os puntos de acreditación dixital** que darán soporte a toda a loxística de distribución das tarxetas e certificados de empregados públicos, no marco do proxecto de acreditación dixital do empregado público para facilitar os mecanismos de identificación dixital e sinatura electrónica avanzada.

A maiores, a SXMIT vai acometer a implantación de ferramentas FLOSS para a mellora na xestión da calidade do código fonte desenvolvido para a Xunta de Galicia, e a súa integración continua, con solucións como Hudson (Jenkins), PMD, Maven e Sonar.

### Consellería de Cultura e Turismo

A Consellería de Cultura e Turismo non ten previsto para este ano ningún novo desenvolvemento de aplicativos máis alá da **continuidade dos proxectos** iniciados no pasado ano:

1. Aplicativo web para a xestión do Patrimonio Cultural de Galicia, baseado en Debian, Apache, PHP e MySQL, a través do que se xestiona a Base de Datos principal e os procedementos declarativos de protección.
2. Aplicativo Xespu, que se encarga da Xestión de Planeamento Urbanístico, que realiza o seguimento dos procedementos de informes de planeamento, con capacidade de arquivado de planeamentos e informes de delegacións e directivos Está baseado en Debian, Apache, MySQL e PHP.
3. Implantación do sistema integrado de xestión de bibliotecas, promovido dende a Consellería. Continuarase durante o ano 2011, prevéndose o remate da parametrización das bibliotecas nodais no segundo semestre do 2011. Este sistema é unha adaptación do software de xestión bibliotecaria Koha, con licenza GPL, para a Rede de Bibliotecas dependentes da Consellería de Cultura.
4. Servizo de Metabuscador que integra os sistemas de procura entre os sistemas KOHA e Meiga das bibliotecas municipais. Este metabuscador permite a consolidación de información empregando tecnoloxías FLOSS.

No referente á promoción do uso de tecnoloxías FLOSS, manterá os actuais servidores con tecnoloxías LAMP (Linux + Apache + MySQL +

PHP).

### Consellería de Traballo e Benestar

A Consellería de Traballo e Benestar ten previsto renovar o aplicativo de xestión do procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade cunha arquitectura tecnolóxica Java baseada en Jboss.

No Servizo público de Emprego de Galicia están a empregar actualmente unha serie de produtos de fontes abertas, OpenDirectory (Directory Server), OpenPortal (WebSpace) e OpenESB (JCAPS), como parte da plataforma tecnolóxica, e durante o ano 2011 tense previsto estender o seu uso aos aplicativos de xestión da rama de Formación.

Estase avaliando a implantación durante o ano 2011 dun produto para a análise da navegación de usuario e optimización de webs, sendo os candidatos as solucións libres PIWIK e OpenWebAnalytics.

Por suposto manterase o posto de traballo nas Oficinas de emprego co paquete ofimático baseado en Software Libre.

### Consellería de Sanidade

A Consellería de Sanidade ten previsto o desenvolvemento de novos servizos baseados en tecnoloxías FLOSS e uso de plataformas GNU/Linux:

- Implantación de servidores web e servidores de aplicacións.
- Implantación de ferramenta de estatísticas e información analítica en contorno GNU/Linux.
- Software de integración de aplicacións hospitalarias mediante o estándar HL7 (Mirth)
- Software de xestión de imaxe médica DICOM.
- Ferramentas para a automatización de probas (OpenSTA, Testlink)
- Ferramentas para a xestión de proxectos (Redmine)

### Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Educación continuará durante o ano 2011 coa promoción do uso e emprego de tecnoloxías FLOSS nos centros educativos de primaria e secundaria cos seguintes proxectos:

- **Proxecto Abalar.** Durante o ano 2011 acometerase a segunda fase do proxecto Abalar que, como xa é coñecido, estase a despregar con solucións exclusivamente software libre. Máis de 31.500 alumnos galegos beneficiaranse desta segunda fase do Proxecto Abalar, que duplicará as aulas, ao entrar por primeira vez en centros novos e estender a súa área de actuación a 6º de primaria e 2º da ESO, manténdoa en 5º e 1º.

En datas próximas a Consellería sacará a concurso público a subministración do equipamento informático necesario, especificando as características técnicas requiridas para os novos ultraportátiles que se sumarán aos existentes, ata completar a cifra de 31.500

- Proxecto **Webs dinámicas:** despregue nun mínimo de 850 centros do proxecto "webs dinámicas" que permite aos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación dispoñer dun portal web do centro, unha plataforma de teleformación e unha galería de imaxes baseados en software libre.

Por outro lado esta Consellería continuará coa súa planificación de fomento do uso de tecnoloxías FLOSS nos seus servizos internos:

- Implantacións en servizos centrais de aplicativos baseados en software libre:
  - Plataforma de virtualización baseada en software libre.
  - Proxecto piloto de sistema BPM baseado en software libre.
  - Proxecto piloto de sistema Business Intelligence baseado en software libre.
- Migración da plataforma de informes corporativa cara a unha solución baseada en software libre.
- Continuación coa fase de despregue do proxecto de migración do servizo de correo electrónico que xestiona máis de 50.000 contas da consellería a unha plataforma de software libre.

### Consellería de Facenda

A Consellería de Facenda mantén as directrices de primar o desenvolvemento de webs e portais corporativos empregando



linguaxes e ferramentas propias do ámbito FLOSS agás cando os requirimentos técnicos esixan o emprego doutras plataformas. No ano 2011 está previsto o mantemento dos actuais portais desenvolvidos con tecnoloxías de software libre:

- Web corporativa da Consellería de Facenda: está baixo a plataforma LifeRay e OpenCMS baseados en tecnoloxías J2EE e Mysql
- Sitio web dos Orzamentos 2011: desenvolvido baixo a plataforma Joomla, baseada en PHP e Mysql.
- Sitio web do Plan Estratéxico: desenvolvemento baseado en PHP.
- Sitio web do Portal de Contratación: desenvolvemento baseado en PHP.

Ademais, no CIXTEC recoméndase aos departamentos involucrados nas áreas de sistemas, no caso en que fora requirido, que as aplicacións web sexan instaladas baixo contornos de servidor GNU/Linux, sempre e cando non existan motivos tecnolóxicos que o impidan.

### Consellería de Economía e Industria

Na Consellería de Economía e Industria, no servizo de informática como actuación principal en materia de software libre para o ano 2011 está previsto o mantemento das distintas aplicacións desenvolvidas con tecnoloxía de software libre:

- Bd lexislación: aplicación web para xestión de recursos do STX. Tecnoloxía: apache,php, mysql.
- Bd axudas: aplicación web para xestión das axudas da Consellería. Tecnoloxía: apache, php, mysql.
- Bd convenios: aplicación web para xestión dos convenios da Consellería. Tecnoloxía: apache, php, mysql.
- Bd Iniciativas Parlamentarias: aplicación web para a xestión das preguntas parlamentarias: Tecnoloxía: j2ee, tomcat.
- Xestor documental de Queixas do Valedor do Pobo. Tecnoloxía: Alfresco.
- Bd expropiacións: aplicación para a xestión de expedientes de expropiacións (en desenvolvemento). Tecnoloxía java.

Para o ano 2011 non está previsto o desenvolvemento de ningún

aplicativo aínda que de xurdir a necesidade, o desenvolvemento farase empregando tecnoloxías libres.

### Consellería de Medio Rural

Durante o ano 2011 esta Consellería continuará a empregar o framework BDWeb para a migración de pequenos aplicativos realizados con MSEXcel ou MSAccess a aplicativos web baseados en MySQL, Java + Struts. O mantemento evolutivo deste proxecto estase a realizar conxuntamente entre a Consellería de Medio Rural e a Consellería Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

A Consellería de Medio Rural utiliza na súa infraestrutura de servidores maioritariamente o sistema operativo GNU/Linux na súa distribución Suse Linux Enterprise, estando o software servidor de aplicacións, na maioría dos casos, provisto a través de servidores Tomcat e Apache, os cales constitúen os estándares de referencia nos proxectos da Consellería. A base de datos MySQL ten unha presenza considerable e en aumento nos novos desenvolvementos.

### Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Durante o ano 2011 a Comisión de Cartografía creada no pasado ano continuará co estudo e análise para a implantación dun Sistema de Información Xeográfica corporativo para a Xunta de Galicia, no cal se poida levar a cabo un desenvolvemento integral baseado en solucións FLOSS relativas ao campo xeoespacial.

Por outra parte, continuarase a empregar o framework BDWeb para a migración de pequenos aplicativos realizados con MSEXcel ou MSAccess a aplicativos web baseados en MySQL, Java + Struts.

Co obxectivo de mellorar a produtividade no desenvolvemento de aplicacións, facilitar o seu mantemento e a reutilización de solucións contrastadas, esta consellería desenvolverá un Framework de desenvolvemento J2EE para a construción de todas as novas aplicacións da Consellería. O framework irá evolucionando segundo as necesidades das distintas aplicacións e a evolución dos compoñentes de base. Utilizarase o servizo OpenOffice para a xeración de documentación.

Mantemento da plataforma de servidores e de virtualización empregando Suse Linux, Xen, Jboss e Apache. Mantemento dos aplicativos de escritorio nos computadores da Consellería destacando Firefox, OpenOffice.org, 7zip e gvSIG.

### Consellería do Mar

Na Consellería do Mar realizáronse durante o ano 2010 diversas implantacións de plataformas baseadas en software libre que entrarán en produción e manteranse durante o ano 2011 como son a plataforma de teleformación FLOSS Moodle no ámbito das titulacións náutico-pesqueiras na que comezarán a impartirse cursos durante este ano; os aplicativos para a toma e rexistro de datos de Gardacostas e a Xestión para o Servizo Xurídico e de Xestión de Contratación; e o Portal web para a Comisión do Mexillón, empregando coma xestor de contidos libre Drupal.

No que respecta ao desenvolvemento de novos aplicativos a previsión para este ano inclúe:

- Aplicación de arquivo dixital dos expedientes da Consellería do Mar. Sistema de arquivado e xestión electrónica de expedientes completos escaneados, destinado á busca rápida de imaxes dixitais dos seus documentos compoñentes e á axuda para a súa localización física. Implantación baseada no xestor documental Alfresco.
- Aplicación de xestión integrada para as lonxas de Galicia. Aplicación integrada, tipo ERP, para a xestión dos sistemas de información xerenciais das lonxas de Galicia. Incluirá módulos para: xestión administrativa e contable, xestión comercial/facturación de peixe e marisco, xestión de subministracións e servizos, poxa automatizada de lonxas. Basearase en tecnoloxías LAMP.
- Desenvolvemento dunha solución ThinClient baseada en S.O. Linux para a Consellería do Mar baseada no sistema operativo Linux que poida ser estendida a toda a consellería.
- Desenvolvemento dunha solución SIX baseada en software libre para a descrición e xestión dos recursos mariños. Baseada en tecnoloxías Linux, GvSIG, GRASS, MapServer
- Desenvolvemento do novo portal Web corporativo da Consellería do Mar, para adecuala a novas directrices e funcionalidades. OpenCMS como xestor de contidos, LifeRay como xestor de portal, JBOSS-jBPM como xestor de procesos.



## CAPÍTULO 4.- FORMACIÓN E DIFUSIÓN FLOSS

Un dos aspectos clave para o éxito da integración das TIC en xeral, e das tecnoloxías FLOSS en particular, na vida diaria dos galegos é a adquisición das competencias e formación necesarias para comprender os beneficios do uso das TIC de maneira que se sintan preparados para empregalas e para actualizar os seus coñecementos ao mesmo ritmo que se van producindo os avances tecnolóxicos.

Neste contexto, a Axenda Dixital define unha liña estratéxica “Cidadanía Dixital” coa finalidade de consolidar unha comunidade galega competente tecnoloxicamente que poida acceder en condicións igualitarias aos contidos e servizos dixitais da Sociedade da Información e do Coñecemento. Dentro desta liña estratéxica o impulso e fomento da formación en tecnoloxías FLOSS cobra especial importancia por todas as vantaxes deste tipo de tecnoloxías para contribuír á redución da fenda dixital e achegar as TIC a un menor custe a toda a cidadanía.

Por esta razón dende a SXMIT potenciaranse os mecanismos de formación e difusión do FLOSS cunha serie de actuacións que a continuación se detallan.

### 1.- Difusión e potenciación dos servizos do portal mancomún

O portal mancomún será o encargado de seguir a actualidade da comunidade FLOSS en Galicia, así como de difundir as novas de interese e casos de éxito para contribuír a difusión e potenciamento do FLOSS.

Potenciarase a participación en eventos para difundir os servizos que proporciona o portal como referencia a nivel galego do movemento FLOSS, así como dos novos servizos coma a adaptación do repositorio FLOSS de Galicia e as demais accións impulsadas pola Xunta de Galicia.

O portal mancomún valorizará un ano máis as accións desenvolvidas dende Galicia en materia de FLOSS facéndose eco das novas de interese da comunidade internacional de Software Libre en galego.

## 2.- Difusión sobre FLOSS e a oferta de servizos da OCFLOSS no ámbito empresarial

Potenciarase o coñecemento das vantaxes do FLOSS dentro do ámbito empresarial. Realizarase unha labor de difusión dos servizos ofertados pola Xunta de Galicia mediante a Oficina de Coordinación FLOSS ás distintas entidades asociativas do ámbito empresarial.

## 3.- Publicación do Repositorio Documental sobre FLOSS

Co obxectivo de facilitar o achegamento de material formativo ou de difusión sobre materias relacionadas con tecnoloxías FLOSS a toda a cidadanía, dende o portal mancomún habilitarase un Repositorio documental no que se publicará con licenzas libres todo o material elaborado polos axentes FLOSS galegos así como o elaborado pola propia Xunta de Galicia a través da Oficina de coordinación FLOSS.

## 4.- Fomento da tradución de FLOSS ao galego

A Xunta de Galicia durante o ano 2010 decidiu apostar, tras consulta e acordo cos axentes FLOSS, por favorecer un sistema sostible de tradución dos aplicativos libres e de fontes abertas que garanta o seu mantemento no futuro máis alá de cuestións políticas ou económicas, para o que considerouse a mellor opción para acadar esa sustentabilidade futura, deixar que a propia comunidade liderase e coordinase os traballos, fornecendo a Xunta de Galicia recursos que lles facilitasen a súa labor. Os excelentes resultados acadados no ano 2010 amosan que a decisión foi acertada polo que continuará a ser a política a seguir durante o ano 2011. Ademais a SXMIT a través da oficina de coordinación FLOSS intensificará a colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística para facilitar a labor realizada de xeito completamente altruísta polo voluntariado galego que leva a cabo as tarefas de localización<sup>1</sup> de aplicativos de software libre, agrupados en gran medida na Asociación Proxecto Trasno, e que día a día son quen de demostrar a capacidade de traballo da comunidade galega e da vantaxe que supoñen os aplicativos libres e de fontes abertas para a **normalización do uso da lingua galega nas TIC.**

---

<sup>1</sup>A "tradución de aplicacións libres" so é unha parte da "localización de aplicacións libres"

### 5.- Formación ao persoal da administración pública dende a EGAP

Para acadar os obxectivos estratéxicos da Liña L3-P3: PROGRAMA DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS da Axenda Dixital de Galicia que establece como obxectivos estratéxicos que o 100% do funcionariado público teña competencias dixitais en 2014 e a Adquisición de competencias dixitais por parte dos cidadáns, a EGAP incluírá nos seus plans de formación as actividades formativas que compoñen o PLAN FORMATIVO OFIMÁTICO DE GALICIA, adaptadas aos contidos do módulo formativo MF0233\_2: Ofimática:

- Sistema operativo, busca da información: Internet/intranet e correo electrónico (30 h)
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos (30h)
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo (50h)
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (50 h)
- Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (30 h)

Para cada un destes cursos levarase a cabo unha edición sobre OpenOffice.org. Haberá unhas probas adaptadas ao sistema de avaliación establecido no módulo formativo para o que a EGAP ofertará dúas posibilidades:

- Asistencia previa a un curso presencial ou de teleformación
- Acceso libre superada unha selección previa

A EGAP comunicará á SXMIT a proposta de candidatos á CERTIFICACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS DE GALICIA, aqueles que teñan superados os 5 cursos, independentemente do produto escollido.

### 6.- Formación ao persoal docente dende a Consellería de Educación

A Consellería de Educación está a liderar unha serie de accións dirixidas a dar a coñecer entre a comunidade educativa as solucións baseadas en software libre e de fontes abertas. Durante o ano 2010 impartíuse formación específica relativa ás ferramentas FLOSS instaladas no equipamento do **proxecto Abalar**.

Durante o ano 2011 está previsto continuar co plan de formación ofrecendo formación metodolóxica e integración curricular así como formación na selección, creación e difusión de recursos

propios. Para complementar a formación xa recibida polos docentes no proxecto ABALAR, a través dun convenio de colaboración co Colexio Profesional de Enxeñeiros Informáticos de Galicia (CPEIG) e de AGASOL, realizaranse unha serie de xornadas formativas para que os docentes adquiren as competencias dixitais necesarias para unha correcta integración das TIC nas aulas galegas. Estas xornadas formativas constarán de formación técnica básica que permita aos profesores mellorar no uso das tecnoloxías nas aulas e formación sobre o uso práctico dos contidos dixitais e as vantaxes que reporta, incluíndo exemplos prácticos de como impartir unha clase utilizando estes recursos. O material elaborado para esta formación publicarase con licenza libre.

Ademais das actuacións dirixidas directamente dende a Consellería de Educación, as AGUSL teñen tamén algunhas actuacións previstas neste ámbito así como as propias Oficinas de Software Libre das Universidades. Por exemplo: charlas en Institutos de Ensino por parte das asociacións AMIGUS, GHANDALF e INESTABLE e Cursos de Migración a Software Libre e estándares abertos para Directivas FANPA impartidas por GALPon.

## 7.- Formación á cidadanía

### [Formación a través da Rede CeMIT](#)

Os centros CeMIT ofrecerán ao longo do ano 2011 máis de 10.000 horas de formación nos 89 concellos nos que ten presenza a rede. A Rede CeMIT realizará unha labor de formación en Alfabetización Dixital á cidadanía, prestando especial atención aos colectivos en risco de exclusión social.

Os cursos de alfabetización Dixital permitirán aos usuarios mellorar as súas habilidades na área das novas tecnoloxías en temas como a orientación laboral, as redes sociais, o comercio e banca, ocio e servizos da rede, a administración electrónica, a xestión de empresas, equipamento TIC e conectividade, ofimática, seguridade TIC, alfabetización dixital, multimedia e audiovisual, comunicacións TIC, deseño gráfico e tratamento de imaxes e formación TIC avanzada.

Impartiranse preto de 10.000 horas de formación para achegar as novas tecnoloxías a toda a sociedade galega empregando ferramentas FLOSS baixo o sistema operativo Ubuntu GNU/Linux.



### Formación en colaboración coas AGUSL

A Xunta de Galicia mediante a colaboración cos axentes FLOSS de Galicia apoiará diferentes accións de formación abertas a cidadanía.

Pódense destacar os cursos abertos ao público na aula de formación libre da Universidade da Coruña. Tamén será posible consultar por Internet os videomanuais e pímulas formativas elaboradas polas universidades da Coruña e Vigo.

As AGUSL organizarán diferentes obradoiros, cursos e xornadas formativas. A ampla oferta pódese consultar nos completos plans de actividades das asociacións para 2011 onde se poden destacar o “Obradoiro para a Terceira Idade” organizado por AMIGUS, o “Curso de introdución ao computador Libre” organizado por Comunidade o Zulo ou as “Xornadas de Software Libre” que organizará GPUL.

A Asociación Proxecto Trasno organizará un “Curso de internacionalización con ferramentas libres”. A Asociación GALPON organizará un “Curso formativo sobre sistemas de control de versións para desenvolvedores” e Inestable organizará un obradoiro de Robótica con FLOSS.

A dispersión xeográfica das diferentes asociacións permite achegar esta oferta formativa a distintos puntos de Galicia organizada en base aos intereses do ecosistema FLOSS galego.

### **8.- Formación e difusión no ámbito universitario**

A Xunta de Galicia mantén o seu convencemento da necesidade de impulsar a formación FLOSS dentro do ámbito universitario como última etapa formativa previa á inserción laboral dos futuros profesionais das TIC. Continuando coa liña do pasado ano, a Xunta de Galicia contará coa importante colaboración das Universidades a través das súas **Oficinas de Software Libre** (OSL). Estas oficinas desenvolverán unha serie de actuacións encamiñadas á promoción, difusión e fomento do uso das tecnoloxías libres dirixidas a toda a comunidade universitaria incluíndo a alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos.

Ademais, dentro das accións de incorporación do FLOSS nos plans de formación universitaria destacar que se continuará a manter a colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do **Máster Universitario en consultoría de Software Libre**. O obxectivo que se persegue con esta acción é a formación de

profesionais cualificados e capacitados para ofrecer servizos TIC baseados en FLOSS.

Finalmente, no ámbito universitario, de xeito complementario ás actuacións das Oficinas de Software Libre as **Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre** (AGUSL) que teñen unha presenza significativa no ámbito Universitario coma GALPON, GHANDALF e GPUL, tamén organizan accións neste ámbito como por exemplo a presentación de “Enable Viacam” organizada por GALPON ou as bolsas para a elaboración de Proxectos Fin de Carreira relacionados co ecosistema do Software Libre que desenvolverá GHANDALF, ou as Xornadas de formación de desenvolvedores de software libre e as Xornadas de Introducción para alumnos noveis organizadas por GPUL.

#### **9.- Formación a traballadores e desempregados a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia**

A oferta formativa do CNTG é unha formación práctica, técnica, especializada, gratuíta e orientada ao mundo laboral, principalmente aos profesionais do sector TIC galego. Ano a ano a presenza de cursos relacionados con tecnoloxías FLOSS aumenta progresivamente como resposta tamén ao incremento da demanda do mercado laboral deste tipo de tecnoloxías. Actualmente está publicada a programación do primeiro semestre de 2011 que inclúe os seguintes cursos sobre tecnoloxías FLOSS:

1. Administración avanzada de S.O. RED HAT Linux
2. Programación de aplicacións web con JEE 5
3. Desenvolvemento de compoñentes de negocio con tecnoloxía EJB
4. Administración de bases de datos MySQL
5. Desenvolvemento de aplicacións WEB con PHP e MySQL sobre Apache
6. Implementación de VoIP con Asterisk
7. LDAP e seguridade en sistemas operativos Linux (LPIC3)
8. Desenvolvemento de aplicacións para móbiles con J2ME

#### **10.- Fomento da elaboración de contidos formativos e docentes libres, premiando os dirixidos ao profesorado**

De xeito transversal a todas as actividades expostas no presente

Plan, a Xunta de Galicia vai potenciar que os contidos xerados, no ámbito das distintas actividades, sexan postos á disposición da sociedade a través da súa distribución baixo formatos abertos e licenzas libres. Deste xeito, preténdese ir aumentando a documentación formativa sobre FLOSS, e fomentar a súa reutilización e mellora continua.

Nesta mesma liña, particularizada para o caso dos materiais docentes, a SXMIT vai convocar este ano premios dirixidos a potenciar a elaboración de materiais docentes de calidade destinados a empregarse polo profesorado galego, en conxunto coa infraestrutura achegada mediante o Proxecto Abalar, no ámbito da súa docencia.

Os materiais docentes elaborados que concorran aos citados premios van ter que cumprir unha serie de requisitos, dende o punto de vista dos formatos abertos e do licenciamento libre, destinados a maximizar o seu aproveitamento. Deste xeito, podemos citar que:

- deberán empaketarse segundo estándares abertos (nomeadamente o estándar SCORM)
- deberán entregarse baixo licenzas abertas que garantan o reaproveitamento dos mesmos, así como a posibilidade de facer obras derivadas
- deberán ser multiplataforma, sen ningún tipo de dependencia con plataformas ou navegadores privativos



## CAPÍTULO 5.- ACCIÓNS EN COLABORACIÓN CON AXENTES FLOSS

O Software Libre e de Fontes Abertas é un espazo en esencia colaborativo, e recollendo esta filosofía de traballo a SXMIT está a fomentar dende un primeiro momento a colaboración e cooperación entre os diversos e axentes que compoñen o ecosistema galego do FLOSS.

Consciente das necesidades e necesaria independencia de cada un dos axentes, a SXMIT fornece unha coordinación transversal aos mesmos, e achégalles recursos para que poidan desenvolver as súas actividades co grao de profesionalidade e calidade que se precisa.

Deste xeito, a SXMIT en 2011 vai subscribir convenios de colaboración cos devanditos axentes FLOSS, artellando deste xeito un mecanismo adecuado para achegarlles os recursos que precisan coa coordinación necesaria para optimizar a inversión.

### 1.- Convenio de colaboración coas universidades galegas

Renovación do convenio de colaboración coas universidades galegas para a consolidación das súas Oficinas de Software Libre. Este ano intensificarase a labor de coordinación coas oficinas para optimizar os seus resultados e acadar unha maior visibilidade das súas actuacións. A continuación enuméranse as actividades das oficinas das 3 universidades galegas. Inclúense como anexos finais os plans detallados de cada unha delas.

#### Proposta de actividades OSL UDC

1. Axuda na instalación, migración e configuración de software libre
2. Oficina de Software Libre móbil
3. Mantemento do Mirror FTP da UDC
4. Cursos abertos ao público na aula de formación libre
5. Formación de PAS en ferramentas libres
6. Migración de postos base na administración da UDC – Continuación do Plan piloto
7. Realización de manuais e videomanuais de ferramentas libres
8. Celebración de Install Parties de Ubuntu
9. Celebración de Xornadas

**Orzamento total : 40.000€**

### Proposta de actividade OSL USC

1. Implantacións de Software Libre en Windows
2. Implantacións de arrinque dual coa Ubuntu-USC
3. Asesoramento e asistencia en Software Libre a comunidade universitaria
4. Desenvolvemento, mantemento e evolución da Ubuntu-USC
5. Promoción do Software Libre na universidade
6. Colaboración coa comunidade de localización galega de Software Libre

**Orzamento total : 40.000€**

### Proposta de actividades OSLUVI

1. Mantemento da Web da Oficina
2. Gravación de Pílulas Docentes de Software Libre
3. Grupos de Innovación Docente de Profesores en Software Libre
4. Días MásQueLIBRES
5. Xornada Empresarial de Solucións Libres
6. Elaboración de material como soporte a cursos de formación
7. Obradoiro de desenvolvemento competitivo con software libre
8. Representantes da oficina

**Orzamento estimado total : 40.000€**

## 2.- Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do Máster Universitario en consultoría de Software Libre

Renovación do convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización do Máster Universitario en Consultoría de Software Libre.

O obxectivo que se persegue con esta acción é a formación de profesionais cualificados e capacitados para ofrecer servizos TIC baseados en FLOSS.

Os estudos de Programa Oficial de Posgrao en Consultoría de Software Libre conducentes ao título de Máster Universitario en Consultoría de Software Libre, organizado pola Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo, teñen como obxectivo a formación de profesionais cun coñecemento amplo e

sólido que os capacite para dirixir proxectos e levar a cabo tarefas en ámbitos concretos das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, aplicando métodos, técnicas e ferramentas propios da Enxeñería, e baseados en Software Libre.

Inclúese como anexo o detalle do Programa de posgrao presentado pola Universidade de Vigo.

O orzamento co que a SXMIT cofinanciará o Programa Oficial de Posgrao en Consultoría de Software Libre para o ano académico 2011-2012 ascende a 30.000€.

### 3.- Convenio de colaboración con AGASOL

Renovación do convenio de colaboración con AGASOL obxecto de realizar actuacións encamiñadas a promover o fortalecemento do sector das TIC galego e a xeración dunha maior oferta de servizos FLOSS das empresas TIC galegas, que permita contribuír á incorporación das pemes, micropemes e autónomos á Sociedade da Información aproveitando as vantaxes do FLOSS e garantindo a interoperabilidade mediante o uso de estándares abertos.

Enmarcado na acción do servizo integral á PEME galega a través de diferentes servizos e produtos, facendo fincapé en sectores estratéxicos, AGASOL levará a cabo un proxecto mediante o que formará a empresas TIC para a implantación do software Navalplan e realizará unha implantación nun estaleiro e en dúas empresas auxiliares.

#### Proposta de actividades

1. Curso de formación sobre a ferramenta de planificación NavalPlan
2. Consultoría tecnolóxica a empresas do sector naval sobre NavalPlan
3. Implantación de NavalPlan en empresas do sector naval por empresas de AGASOL

**Orzamento estimado total : 35.000€**

### 4.- Convenio de colaboración co CPEIG e AGASOL

Sinatura dun convenio de colaboración co Colexio Profesional de Enxeñeiros Informáticos de Galicia (CPEIG) e con AGASOL co obxecto da realización de actuacións de divulgación, formación e capacitación no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia

no ámbito educativo. No marco deste convenio organizaranse unha serie de xornadas formativas para que os docentes adquiran as competencias dixitais necesarias para unha correcta integración das TIC nas aulas galegas.

As xornadas constarán de formación técnica básica que permita aos profesores mellorar no uso das tecnoloxías nas aulas e formación sobre o uso práctico dos contidos dixitais e as vantaxes que reporta, incluíndo exemplos prácticos de como impartir unha clase utilizando estes recursos. O material elaborado para esta formación publicarase con licenza libre.

#### **Proposta de actividades**

1. Elaboración de manuais formativos para seren empregados nas xornadas de formación.
2. Organización das xornadas formativas aos docentes.

**Orzamento estimado total : 36.000€**

#### **5.- Convenio de colaboración coas AGUSL**

Renovación do Convenio de colaboración coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre co obxecto de facilitar a encomiable labor voluntaria que estas asociacións veñen desempeñando para a realización de actuacións para o fomento, desenvolvemento e implantación do FLOSS en Galicia.

No cadro seguinte resúmense as categorías de actuacións previstas para o ano 2011. No capítulo de anexos inclúense os plans de actuacións completos de cada asociación, dos que realizarán todas as actividades posibles co orzamento dispoñible.

#### **Proposta de actividades**

1. Ciclos de difusión e achegamento ao Software Libre
2. Organización de Xornadas de introdución a GNU/Linux para Universitarios
3. Xornadas sobre localización do FLOSS: visión global, estratexias e metodoloxía
4. Organización de Xornadas de divulgación e/ou formación en FLOSS.
5. Organización de Obradoiros de formación de Software Libre.
6. Difusión do FLOSS en proxectos de cooperación ou solidariedade social
7. Outros actos de difusión de FLOSS



- 
8. Elaboración e/ou tradución de contidos en materia de FLOSS

---

  9. Servizo de asistencia técnica en materia de FLOSS para a cidadanía

---

  10. Participación en Congresos e Conferencias de recoñecido prestixio na comunidade FLOSS
- 

**Orzamento estimado total : 55.000€**

---



## CAPÍTULO 6.- TÁBOA DE RESUMO ECONÓMICO

A continuación expónse nunha táboa resumo o detalle económico no que se fundamenta o presente Plan de Acción.

Iniciativa	Articulación	Orzamento
Execución e seguimento do Plan de Acción 2011	<ul style="list-style-type: none"> <li>Oficina de Coordinación FLOSS</li> <li>Formación FLOSS promovida pola Xunta de Galicia</li> <li>Mantemento e evolución da estrutura asociada ao fomento do FLOSS</li> </ul>	524.000€
Oficinas de Software Libre das 3 Universidades Públicas Galegas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela</li> <li>Convenio coa Universidade da Coruña</li> <li>Convenio coa Universidade de Vigo</li> </ul>	120.000€
Colaboración con outros Organismos de Apoio ao FLOSS	Achega económica ao CENATIC	65.000 €
Colaboracións con Asociacións de Empresas e Colexios Profesionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Convenio coa Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL)</li> <li>Convenio co CPEIG e AGASOL</li> </ul>	71.000€
Colaboración coas Asociacións de Usuarios de Software Libre	Convenio coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre	55.000€
Fomento do Uso de FLOSS na ensinanza Universitaria	Patrocinio do Máster Oficial en Software Libre da Universidade de Vigo	30.000€
<b>Total Plan FLOSS</b>		<b>865.000 €</b>
Incorporación do FLOSS á Infraestrutura da Admon. Pública	Despregue e mantemento de infraestrutura FLOSS nos servizos TIC corporativos da Xunta de Galicia	1.430.000€
Potenciar o emprego de FLOSS na Educación	Despregue e mantemento de infraestrutura TIC, operativa mediante FLOSS, a través do Proxecto Abalar	5.630.000€
<b>Total FLOSS en eAdministración e Abalar</b>		<b>7.060.000 €</b>

A maiores deste orzamento existe un acordo de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e máis a Entidade Pública Red.es mediante o cal se vai incorporar unha partida orzamentaria aínda non concretada, destinada a financiar accións de promoción e difusión do FLOSS dentro das liñas estratéxicas exposta no presente Plan de Acción.

## CAPÍTULO 7.- ANEXOS

### 1.- Plan de actuacións da OSL da UDC

#### Introdución

O presente documento describe brevemente a planificación completa para a Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña dende o 1 de xaneiro de 2011 ata o día 31 de decembro de 2011.

As actividades que neste documento se describen serán levadas a cabo grazas ao financiamento directo da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Todos estes eventos e actividades anteriores contará coa expresa publicidade da SXMIT da Xunta de Galicia a través de logotipos e textos alusivos que estarán presentes na documentación, presentacións e elementos publicitarios empregados.

A cada proxecto e actividade trátaselle de asignar unha duración e tempo de desenvolvemento. Os datos estimados son aproximacións obxectivas obtidas tras un estudio previo.

#### Plan de actuacións detallado

Este documento contén actividades continuadas de difusión ou formación e proxectos concretos.

#### ***1.- Axuda na instalación, migración e configuración de software libre***

##### *Descrición*

A OSL da UDC ofrece aos usuarios a posibilidade de achegarse pola oficina e axudalos na migración dos seus equipos cara o software libre, ven sexa de forma total, particionando o disco ou virtualizando un sistema operativo libre. De igual xeito ofreceráselles axuda para a instalación e configuración de aplicacións libres que o usuario estea interesado en probar.

Esta actividade conta coas seguintes subactividades:

##### **11. Difusión do servizo.**

Trátase de dar a coñecer o servizo de atención e apoio ao

usuario que aposta polo software libre. Para elo, en cada evento, charla, curso ou obradoiro no que a OSL participe, trátase de transmitirle ao usuario unha confianza adicional no software libre, de forma que non se senta abandonado ante algún contratempo ou atranco. Que vexan a OSL como un servizo máis da UDC a súa disposición e desta forma aportar un paso máis para o apoio ao software libre e a súa difusión.

### **12. Atención ao usuario a varios niveis e diversas canles.**

Darase soporte a diversos niveis - básico, iniciados e avanzado - dentro das capacidades e amplitude que a OSL poida ofrecer en cada momento. A OSL estará accesible a través do correo electrónico (softwrelibre@udc.es), o teléfono (981167000 ext. 5506) e fisicamente no CITIC.

### **13. Rexistro de actividades.**

As actividades levadas a cabo coa presenza física do usuario iranse rexistrando. O correos electrónicos tamén se irán rexistrando na propia plataforma de correo electrónico.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Actividade dirixida ao público xeral, con especial interese para os PDI da UDC.

#### *Duración e datas estimadas*

Anual

## **2.- Oficina de Software Libre móbil**

### *Descrición*

Seguindo coa actividade realizada no 2009, a OSL ten planificado percorrer a maioría dos centros da Universidade da Coruña coa Oficina Móbil da OSL (OSLM). Esta oficina estará composta por un stand interactivo con diverso material informático no que estarán presentes técnicos da OSL.

A Oficina Móbil ten como obxectivo achegar o software libre aos membros da UDC, mostrando as súas capacidades, vantaxes e posibilidades. O software libre é unha forma ética de entender o software, que fomenta a igualdade, a colaboración, a innovación, a seguridade, a eficiencia, a competitividade, a solidariedade, e sobre todo, a liberdade.

A Oficina Móbil é unha extensión da propia OSL, coa que se trata de

achegar os servizos propios deste organismo universitario aos usuarios finais da UDC (alumnos, profesores e persoal laboral).

Incluso valorarase a opción de saír do ámbito universitario.

O desenvolvemento deste proxecto conta coas seguintes subactividades:

### **1. Planificación do percorrido.**

Consiste en pórse en contacto cos axentes de cada facultade (secretarios, decanos, vicedecanos...) para planificar o acceso á facultade, ubicación do stand e se procede, execución dalgunha actividade adicional en forma de obradoiro ou charla práctica.

Trátase de facer un plan global e predefinido para que os usuarios poidan ter claro o percorrido e o estado da OSL Móbil en cada momento, como un elemento máis de consulta, apoio e difusión.

### **2. Publicación e publicidade do evento.**

Publicación na web da OSL e da UDC do percorrido da OSL.

Preparación de cartelería individualizada para cada facultade para a súa publicidade e coñecemento.

### **3. Execución.**

Traslado e colocación do stand.

Presencia no stand.

Celebración de actos paralelos se así se estimaron.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Actividade dirixida ao público xeral.

### *Duración e datas estimadas*

Anual

## **3.- Mantemento do Mirror FTP da UDC**

### *Descrición*

A OSL da UDC realiza as tarefas de mantemento e renovación do mirror de distribución de software libre que se atopa en [ftp.udc.es](http://ftp.udc.es) para seguir ofrecendo este servizo aos usuarios que o utilizan. Consta das seguintes subactividades:

### **1. Revisión diaria.**

Revisión de logs para estimar que o mirror de cada proxecto libre foi correctamente actualizado. A través da propia web - <http://softwarelibre.udc.es/Services/Mirror> - pódese facer o seguimento, aínda que para maior control e acceso a información, moitas veces será necesario acceder directamente ao servidor de espellos.

## **2. Accións correctivas.**

Se é necesario, aplicar accións correctivas e solventar diversos erros de sincronización, administración de espazo, fallos hardware, etc.

Tamén se valorará, de acordo co servizo de rede da UDC, o aumento do ancho de banda de acceso ao mirror.

## **3. Análise do proxectos.**

Análise e valoración para engadir ou eliminar algún proxecto libre da lista de espellos. Proxectos abandonados ou con pouco repercusión eliminaranse dos mirrors. E proxectos en auge e con futuro faráselle un sitio no servidor para fomentar o seu crecemento, dispoñibilidade e difusión.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Dirixida ao público xeral. Máis concretamente aos usuarios actuais e futuros, do mirror da Universidade da Coruña

### *Duración e datas estimadas*

Anual

## **4.- Cursos abertos ao público na aula de formación libre**

### *Descrición*

Os cursos realizados na aula de formación libre estarán abertos a calquera persoa, sexa ou non membro da UDC. Os cursos están pensados para persoas cun coñecemento nulo ou moi baixo en software libre, tentando así achegar a todos os niveis da sociedade. Ofertaranse cursos específicos de manexo e configuración de distintas aplicacións libres (OpenOffice.org, Gimp, Inkscape, Thunderbird, Firefox, etc...) como de instalación, configuración e manexo de sistemas operativos libres GNU/Linux.

### **1. Planificación de cursos.**

Decidir que cursos se van impartir e a que colectivos orientalos. Trátase de facer unha planificación global para o



ano completo ou por cuadrimestre.

Busca de docentes, preparación de material didáctico e adecuación do equipamento informático.

## **2. Publicidade e rexistro de alumnado.**

Publicación e difusión dos cursos en diversos medios dependendo da orientación. Para membros da UDC farase a publicación de eventos nas web propias da UDC (udc.es, softwarelibre.udc.es...) e nas listas de correo interno. Para cursos abertos ao público, acudirase a medios de comunicación externos como os do Concello da Coruña, Consellería de Educación da Xunta, Código Cero, mancomún, prensa local...

## **3. Execución.**

Impartir os cursos, elaboración de enquisas e avaliacións.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Actividade dirixida ao público xeral, tanto membros da UDC como persoas alleas á mesma.

### *Duración e datas estimadas*

A periodicidade dos cursos variará en función da demanda, comezando nun principio cun curso mensual.

## **5.- Formación de PAS en ferramentas libres**

### *Descrición*

Sendo os PAS un dos grandes colectivos da UDC consideramos que o seu progresivo achegamento ao software libre e formación no mesmo, son actividades que a OSL ten que potenciar e levar a cabo como unha das súas prioridades. Para isto a Oficina de Software Libre xunto co departamento de Formación de PAS da UDC programará a realización de distintos cursos (Curso de iniciación a OpenOffice.org, Curso de iniciación a ferramentas libres, etc). Utilizaranse para levalos a cabo os equipos da Aula Móbil da UDC.

### **1. Planificación de cursos.**

Decidir que cursos se van impartir en conformidade co Servizo de Persoal da UDC. Trátase de facer unha planificación global para o ano. Isto forma parte do plan integral de formación en software libre do persoal da UDC que xa comezara no ano 2008.

## **2. Preparación.**

Definir os docentes, preparación de material didáctico e adecuación do equipamento informático necesario para levar a cabo a formación con garantías de éxito.

## **3. Execución.**

Impartir os cursos, elaboración de enquisas e avaliacións que serán de utilidade tanto para o Servizo de PAS como para a OSL.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Persoal PAS da UDC. Por curso acudirán unhas 10 persoas e ofertaranse unhas 30 edicións dos distintos cursos. Nas prazas sobrantes ofertaranse a outros colectivos universitarios.

### *Duración e datas estimadas*

Os cursos repartiranse de forma cíclica ao longo do ano, excepto nos meses de xullo e agosto que non se realizará ningunha edición.

## **6.- Migración de postos base na administración da UDC – Continuación do Plan piloto**

### *Descrición*

Continuación co proxecto de migración de postos base de persoal da UDC comezado a finais do 2010. Este está centrado especialmente no colectivo dos PAS (persoal de administración e servizos). Trátase dun plan que abordará a migración dunha determinada sección da UDC. En concreto unha parte determinada relacionada coa administración dun centro concreto vinculado ao colectivo PAS. Durante este ano farase un estudo minucioso do rendemento e interacción dos PAS involucrados no plan piloto para contar coa meirande parte dos pasos posibles á hora de realizar a migración de novos centros. O resultado será un amplo documento cos pasos seguidos, experiencias, problemas e solucións abordadas durante o proceso de migración, formación, seguimento e consolidación do proxecto.

Este proxecto consta das seguintes fases:

### **1. Remate de planificación.**

1.1. Rematar, perfilar e presentar os plans técnicos, de comunicacións, de recursos humanos, de continxencia e de avaliación.

1.2. Informar a todos os axentes implicados para que se

sintan partícipes dun proceso de mellora e de evolución.

## **2. Execución da migración.**

Trátase de implantar o estipulado na planificación, que vai dende a instalación do novo software, copias de seguridade, emulación de aplicativos (se fora necesario), ata a monitorización e administración dos novos sistemas.

## **3. Formación do persoal afectado.**

3.1. Cursos de formación para os usuarios do material migrado (administrativos dos cetros) como do persoal técnico de soporte.

3.2. Presentar problemas coñecidos e como resolvelos. Engadir e completar a documentación de problemas coñecidos con aqueles que poidan xurdir.

## **4. Mantemento e seguimento.**

Asistencia inicial total aos usuarios para evitar que o rendemento baixe, e incluso conseguir que ese rendemento suba. Proceso de mellora e evolución.

## **5. Documento final.**

5.1. Elaboración e publicación final dun documento global que poida servir para migracións noutras institucións, empresas, pemes...

5.2. O documento debe ser desnaturalizado para evitar publicar datos comprometidos da propia UDC. Pero sempre mantendo a máxima veracidade e actualidade dos pasos e problemas afrontados.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

PAS de xestión académica da UDC encargados da administración dos distintos centros.

### *Duración e datas estimadas*

Este proxecto tense que realizar de forma continuada e cun técnico permanentemente asignado ao mesmo para poder dar servizo ao persoal da administración ante calquera problema que poida xurdir.

## **7.- Realización de manuais e videomanuais de ferramentas libres**

### *Descrición*

A Oficina de Software Libre continuará coa realización duns manuais e videomanuais básicos de cada aplicación para facilitar así o cambio cara estas novas tecnoloxías e o acceso á información. Ademais estes manuais estarán dispoñibles directamente dende a nosa páxina web e farase uso das distintas redes sociais para a súa divulgación. A realización desta actividade implicará as seguintes subtarefas:

#### **1. Planificación e asignación de recursos humanos para a elaboración dos videomanuais.**

Facer un plan global para todo o ano. Decidir sobre que aplicativos facer os manuais e asignarlle os recursos humanos necesarios.

#### **2. Elaboración de guións .**

Elaborar os guións e executar a creación dos videomanuais.

Valorar a necesidade de engadir os subtítulos noutros idiomas.

#### **3. Posproducción e publicación dos videomanuais.**

Codificar e preparar o resultado final de cada vídeo.

Publicar os vídeos en diversos medios (canle Youtube, web da OSL) para a súa descarga en diversos formatos libres.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Os videomanuais estarán dispoñibles para o público xeral

### *Duración e datas estimadas*

Este proxecto irase realizando ao longo do ano.

## **8.- Celebración de Install Parties de Ubuntu**

### *Descrición*

O sistema operativo libre Ubuntu é unha das distribucións GNU/Linux máis coñecidas que proporciona un sistema operativo actualizado e estable para calquera usuario, cun forte enfoque na facilidade de uso e de instalación do sistema. É por isto que a Oficina de Software Libre elixiu esta distribución como unha boa

candidata para a celebración das install parties á vez que se publica unha nova versión de Ubuntu, o cal ocorre cada 6 meses, en abril e outubro de cada ano.

A planificación desta actividade é a seguinte:

### **1. Planificación das Install Party.**

Despois de cada publicación de Ubuntu, aproveitando a difusión de cada nova versión e esperando unha estabilidade de cada nova release, planificaranse cada Install Party con tempo para que a difusión sexa a adecuada.

Busca do lugar adecuado para a celebración do obradoiro.

### **2. Carteleira e difusión do evento.**

2.1. Elaborar a cartelería necesaria para publicitar o evento.  
Distribución e colocación da cartelería.

2.2. Difusión do evento en diversos medios: web propias da UDC (udc.es, softwarelibre.udc.es...), do Concello de A Coruña, Consellería de Educación da Xunta, Código Cero, mancomún, axendas culturais de medios de comunicación locais...

2.3. Rexistro de participantes.

2.4. Obtención e elaboración do material necesario.

### **3. Celebración do evento.**

3.1. Os días establecidos e no lugar especificado, celebrar o evento.

3.2. Entrega de material, enquisas e avaliacións finais.

3.3. Entrega de certificado de asistencia e aproveitamento.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Esta actividade esta aberta ao público xeral

#### *Duración e datas estimadas*

Faranse dúas edicións ao ano. Unha arredor do mes de abril e outra arredor de outubro.

## **9.- Celebración de Xornadas**

### *Descrición*

A Oficina de Software Libre para promover e difundir o coñecemento e o uso do software libre realizará durante o ano 2010

distintas xornadas. Estas xornadas irán dende a introdución ao software libre, pasando por xornadas máis específicas orientadas a temáticas máis específicas como o deseño gráfico con software libre, acceso e comunicación a través de Internet, etc

### **1. Planificación das Xornadas.**

Planificación das xornadas para finais de ano. Busca do lugar adecuado para a celebración das xornadas.

### **2. Carteleira e difusión do evento.**

2.1. Elaborar a cartelería necesaria para publicitar o evento. Distribución e colocación da cartelería.

2.2. Difusión do evento en diversos medios: web propias da UDC (udc.es, softwarelibre.udc.es...), do Concello de A Coruña, Consellería de Educación da Xunta, Código Cero, mancomún, axendas culturais de medios de comunicación...

2.3. Rexistro de participantes.

2.4. Obtención e elaboración do material necesario.

### **3. Celebración do evento.**

3.1. Os días establecidos e no lugar especificado, celebrar o evento.

3.2. Entrega de material, enquisas e avaliacións finais.

3.3. Entrega de certificado de asistencia e aproveitamento.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Estas xornadas estarán abertas a todo o público

#### *Duración e datas estimadas*

Tentaranse facer como mínimo dous tipos de Xornadas ao ano, unha introdutorias e outras máis avanzadas.

Resumo da proposta

Proposta de actividades
1. Axuda na instalación, migración e configuración de software libre
2. Oficina de Software Libre móbil
3. Mantemento do Mirror FTP da UDC
4. Cursos abertos ao público na aula de formación libre
5. Formación de PAS en ferramentas libres
6. Migración de postos base na administración da UDC – Continuación do Plan piloto
7. Realización de manuais e videomanuais de ferramentas libres
8. Celebración de Install Parties de Ubuntu
9. Celebración de Xornadas
<b>Orzamento estimado total : 40.000€</b>

## 2.- Plan de actuacións da OSL da USC

### Introdución

A Oficina de Software Libre da USC creouse a finais do ano 2008, mediante un convenio entre as universidades e a Xunta de Galicia, concretamente no mes de Agosto e desde aquela, leva traballando de forma continua na implantación de Software Libre na USC.

Dita Oficina ten a vantaxe de contar desde o principio co mesmo equipo, ademais de contar co respaldo do apoio e importancia que a Universidade de Santiago lle dá ao Software Libre, e cunha visión moi clara dos obxectivos a conseguir a medio e longo prazo.

### Plan de actuacións detallado

O plan de actuacións da Oficina, definido baixo a dirección da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) da USC, segue avanzando nas liñas estratéxicas marcadas desde a súa creación a finais do ano 2008. Concretamente, neste vindeiro ano, ATIC propón centrar o traballo da Oficina nas implantacións de Software Libre nas aulas. Isto será posible grazas ao estudo da situación das aulas de informática da Universidade e ao traballo de desenvolvemento levado a cabo nos últimos dous anos; destacará tamén, a formación, asistencia e asesoramento que os membros da OSL impartirán durante o ano.

#### **1.- Implantacións de Software Libre en Windows**

##### *Descrición*

A Oficina de Software Libre vén realizando un estudo do Software Libre que se instala nas aulas de informática e ve imprescindible aumentar os programas libres aos que teñen acceso os usuarios dos equipos.

Desde que se creou a Oficina, fíxose unha recomendación de Software Libre base a instalar nos equipos das aulas e lévanse buscado algunhas alternativas libres aos programas privativos máis coñecidos.

A Oficina recomendará unha instalación de software base uniforme para todos os equipos da rede de aulas de informática da universidade. Esta recomendación conterà o software libre de base que deberá ir en todos os equipos e tratará de proporcionar unha táboa de alternativas libres a outros programas privativos. Ademais



tentará buscar alternativas libres a outro software específico que requiren determinados centros, para que o usuario teña diferentes alternativas para realizar as súas tarefas. ATIC validará a proposta e a aplicará de xeito corporativo en todas as aulas.

Este proxecto constará de tres actividades relacionadas:

### 1. Revisión da lista de aplicativos libres recomendada.

A Oficina de Software Libre da USC, realizou a finais de 2008 unha lista de aplicativos libres que se recomendaba instalar en todos os equipos das aulas de informática. Xa pasaron dous anos e compre actualizar dita selección e melloralas coas novas necesidades dos usuarios.

### 2. Selección de alternativas libres para as aulas.

Nalgunhas facultades, os usuarios empregan software privativo moi específico e ás veces existen alternativas suficientemente maduras que se poderían usar no seu lugar. A OSL realizará un lista para algúns destes aplicativos máis coñecidos.

### 3. Seguimento e implantación da aplicación destas recomendacións.

A OSL comprobará que os equipos do novo concurso xa traian a selección de aplicativos libres realizada e axudará aos técnicos das aulas na instalación das alternativas libres durante os meses do verán.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Os usuarios dos equipos das aulas de informática da universidade.

A totalidade dos alumnos da universidade, aínda que nunha primeira aproximación será de forma parcial, xa que non estará presente en todas as aulas do mesmo centro.

A OSL quere que a porcentaxe de **Software Libre** que se instale **nas aulas**, sexa cando menos dun **50%**, é dicir, que de cada dous aplicativos que se instalen nun equipo, polo menos un sexa libre.

#### *Duración e datas estimadas*

Na primeira aproximación, ano 2011, debería estar de forma parcial en parte das aulas de cada centro da universidade. É dicir, os alumnos e profesores da USC, terán acceso a estas implantacións para o curso académico 2011-2012.

Nunha segunda aproximación, ano 2012, debería estar xa

implantada en todas as aulas de informática da universidade. É dicir, estaría a disposición de todos os usuarios das aulas, para o curso académico 2012-2013.

## **2.- Implantacións de arrinque dual coa Ubuntu-USC**

### *Descrición*

No seu día a OSL detectou que na USC non existían implantacións de arrinque dual na maior parte dos centros desta. Ademais tamén detectou que as implantacións existentes non eran homoxéneas, é dicir, que cada centro ou técnico instalaba a que entendía.

A OSL acometeu o desenvolvemento dunha distribución Linux corporativa, a Ubuntu-USC e tras realizar unha proba piloto comezou, baixo a coordinación de ATIC, a implantación progresiva da Ubuntu-USC nas aulas. Para o vindeiro ano, a OSL terá coma obxectivo que polo menos cada centro conte cun aula dotada con arrinque dual.

O proxecto de implantación da Ubuntu-USC mediante arrinque dual nas aulas, constará de tres actividades:

#### **1. Selección das aulas de cada centro.**

Esta primeira actividade do proxecto consistirá en seleccionar as aulas de cada centro nas que chegado o momento se lles instalará arrinque dual. Para dita selección seguiranse criterios coma que o hardware dos equipos desa aula sexan compatíbeis cos controladores que trae a Ubuntu-USC, que coincida cunha renovación dos equipos da aula, que os requisitos hardware o permitan e/ou que se teña programada unha actualización de software dos mesmos.

#### **2. Asistencia ao técnico do centro na creación das imaxes.**

Chegado o momento, a OSL prestará asistencia técnica e apoio in-situ aos técnicos ATIC na instalación da Ubuntu-USC e ás súas configuracións específicas. Tamén axudará na preparación das instalacións Windows para a creación da imaxe de arrinque dual.

#### **3. Despregue por rede das imaxes na aula.**

Por último, a OSL acompañará aos técnicos na última fase deste proxecto, que consistirá no despregue por rede das imaxes en cada equipo da aula. A súa vez, axudará no proceso final de configuración que precisa cada equipo despois da instalación intentando automatizar ao máximo

os pasos.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

O público obxectivo é o mesmo que na actividade anterior, todos os usuarios das aulas de informática.

Nunha primeira aproximación, quérese implantar arrinque dual polo menos nun aula de informática de cada centro.

Para a seguinte iteración, o obxectivo sería conseguir unha implantación total de arrinque dual nos equipos da rede de aulas de informática da universidade.

#### *Duración e datas estimadas*

A primeira iteración, durante o ano 2011, consistirá nunha implantación progresiva e parcial das aulas. Estaría lista para o curso académico 2011-2012. Nos **27 centros** da universidade, polo menos **unha aula contará con arrinque dual**.

A segunda iteración, sería durante o ano 2012, e consistirá nunha implantación progresiva e total das aulas RAI da USC. Estaría lista para o curso académico 2012-2013.

### **3.- Asesoramento e asistencia en Software Libre á comunidade universitaria**

#### *Descrición*

A Oficina realizará tarefas de asesoramento aos membros da comunidade universitaria. Principalmente realizará tarefas de asesoramento en materia de Software Libre aos responsables da Área TIC e de asistencia técnica de último nivel aos técnicos das aulas nas implantacións de Software Libre.

#### **1. Asesoramento a Área TIC en materia de Software Libre.**

A OSL reunirse cos membros da área e asesoraralos en materia de Software Libre sempre que soliciten a súa opinión. Tamén tentará participar de forma activa detectando a falla de procedementos e a mellora dos establecidos que presentará ao responsable desa área por se fóra do seu interese a implantación e actualización dos mesmos empregando Software Libre ou recalando a posibilidade de que existe esa alternativa. Neste eido están identificadas xa algunhas iniciativas: análise da plataforma de tele ensinanza Moodle, análise da ferramenta de repositorio documental DSPACE.

## 2. Asistencia por teléfono e por correo aos técnicos das aulas.

A OSL prestará asistencia técnica aos técnicos das aulas a través do correo e o teléfono para resolver as dúbidas e problemas que lles xorden no día a día.

## 3. Asistencia in-situ nas implantacións de Software Libre e arrinque dual.

A OSL estará presente nas implantacións de software libre en Windows e arrinque dual se o técnico solicita a súa presenza, para axudalo naqueles pasos que teña dúbidas ou que aínda non sabe como realizar.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Os colectivos da USC, principalmente os nomeados anteriormente. Soporte de último nivel en materia de Software Libre e asesoría especializada nun campo no que por falta de tempo non poden investigar.

### *Duración e datas estimadas*

Todo o ano 2011.

## 4.- *Desenvolvemento, mantemento e evolución da Ubuntu-USC*

### *Descrición*

A Oficina vai seguir traballando no desenvolvemento da Ubuntu-USC, a distribución de GNU/Linux da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante o ano 2011 realizarase a **nova adaptación baseada na versión de Ubuntu 11.04**. Ademais actualizaranse os metapaquetes existentes á nova versión e realizaranse os novos que sexa preciso para cubrir as necesidades específicas dalgúns centros da universidade. Como mínimo creárase un **metapaquete para a Facultade de Química** e outro para cubrir as necesidades do PFID<sup>2</sup>.

Este proxecto pódese dividir en catro actividades:

### 1. Investigación da nova versión de Ubuntu 11.04.

---

<sup>2</sup>Programa de Formación e Innovación Docente – Mediante este programa a universidade leva a cabo os plans de formación dos docentes e investigadores da USC.

Durante os primeiros meses do ano, a OSL probará as versións alfa e beta da nova versión de Ubuntu e estudará os cambios na plataforma para desenvolver a súa versión baseada nesta.

## **2. Creación da Ubuntu-USC en base a Ubuntu 11.04.**

Despois do lanzamento da versión 11.04 de Ubuntu, a Oficina comezará a desenvolver a Ubuntu-USC adaptando se fora preciso o conxunto imaxe da distribución da universidade e axustando os scripts de creación da distro aos novos parámetros da Ubuntu base.

## **3. Actualización dos metapaquetes da versión 10.04 a 11.04.**

Ao longo do ano, desde a creación da Ubuntu-USC 11.04, a cal, en principio non será implantada nas aulas, senón que está pensada para os membros da universidade e principalmente para os seus novos portátiles (debido ao mellor soporte de hardware que trae consigo cada versión), iranse actualizando aqueles metapaquetes de software que ten a versión 10.04 a nova, para que os alumnos poidan ter nos seus equipos os mesmos aplicativos que hai nas aulas sen maiores dificultades.

## **4. Creación dalgún novo metapaquete para a versión 10.04.**

Nas implantacións de arrinque dual, desta vez instalarase a versión da Ubuntu-USC 10.04, xa que a 9.04 deixou de ter soporte por Ubuntu e agora tamén pola OSL. E como se ten planificado a implantación de polo menos un arrinque dual nunha aula de cada centro, existe a posibilidade de que se teñan que crear novos metapaquetes específicos para algúns centros. No centro que sexa preciso, a OSL recollerá as súas necesidades e creará un metapaquete para facilitar a labor de instalación deses aplicativos por parte do técnico e dos alumnos nos seus equipos.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Todos os usuarios da universidade, xa que disporán dunha distribución de GNU/Linux adaptada á USC e en moitos casos ás necesidades específicas do seu centro e ata do departamento ou grupo de investigación.

### *Duración e datas estimadas*

O segundo e cuarto trimestre do ano. Durante o segundo

realizárase a adaptación da nova versión e no cuarto actualizaranse os metapaquetes e crearanse os novos se fose preciso.

## **5.- Promoción do Software Libre na universidade**

### *Descrición*

A OSL realizará tarefas de promoción do Software Libre na USC, ben sexa recomendando o uso de programas libres, ben sexa realizando conferencias, eventos e cursos baseados en software libre para a comunidade universitaria de acordo ao plan de formación da USC, ben sexa creando documentación ou facilitando o acceso ao software libre ao resto da comunidade universitaria.

Dentro deste proxecto, a OSL realizará as seguintes actividades:

#### **1. Novas no portal da OSL.**

A OSL publicará na súa páxina web información relacionada dos eventos que organice ou participe ao longo do ano. Ademais tamén publicará novas sobre a documentación que realice e libere relacionada co Software Libre.

#### **2. Cursos de formación.**

A OSL vai intentar organizar unha serie de cursos ao longo do ano. A principios de ano planificará dita formación e presentará os cursos aos responsables da planificación académica da USC. Se os cursos son aprobados, encargárase da súa organización, impartición e publicación das novas e se se xera documentación, liberará a mesma.

#### **3. Participación en diversos relatorios.**

A OSL ao longo de 2011 participará en diferentes cursos, eventos e xornadas como relator a través dos seus membros.

#### **4. Creación de contidos.**

A OSL realizará aquela documentación que chegado o momento sexa necesaria para os membros da universidade para cubrir a carencia que se detecte. Dita documentación liberárase e colgaráanse os fontes da mesma en formatos estándares.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Os membros da comunidade universitaria.

### *Duración e datas estimadas*

Ao longo do ano 2011. A Oficina intentará ofertar **4 cursos** baseados en Software Libre **ao PDI** a través do PFID, un **ciclo de cursos de OpenOffice** ao persoal de administración e servizos a través do Plan de Formación **a PAS** e colaborará co resto de axentes FLOSS de Galicia impartindo **varios relatorios** para os que se solicite a súa colaboración.

## **6.- Colaboración coa comunidade de localización galega de Software Libre**

### *Descrición*

A Oficina vai colaborar na localización ao galego dos proxectos de Software Libre máis populares e de maior impacto para o usuario galego.

Entre eses proxectos, destacará a colaboración na localización dos produtos Mozilla, do contorno de escritorio GNOME e da distribución de GNU/Linux Ubuntu (versión que adapta a OSL para a universidade).

Esta tarefa faise como **achega voluntaria do equipo de traballo da OSL**, e co esforzo e apoio institucional da USC colaborando e pondo a disposición o resultado dos traballos para todos os usuarios nas aulas de informática a través da Ubuntu-USC.

Este proxecto divídese á súa vez en catro actividades relacionadas con tres proxectos de Software Libre:

#### **1. Os produtos de Mozilla.**

A OSL colaborará na tradución dos aplicativos e difusión das novas relacionadas cos principais produtos da Fundación Mozilla, neste caso o Thunderbird e o Firefox.

#### **2. O contorno de escritorio GNOME.**

A OSL colaborará na tradución dos aplicativos que forman parte do contorno de escritorio de GNOME.

#### **3. A distribución de GNU/Linux Ubuntu.**

Con respecto a distribución de Ubuntu, a OSL basicamente axudará a informar de erros na tradución e nos caso que poida, axudará a solucionarlos.

#### **4. Participacións nas Trasnadas.**

A igual que xa fixo o ano pasado, a OSL estará presenta nas Trasnadas que a comunidade galega de localización

organice para asentar criterios de tradución, fixar terminoloxía e axudará a difundir os acordos alcanzados.

*Público obxectivo e estimación de impacto*

Os usuarios que empregan ditos proxectos de Software Libre en galego.

*Duración e datas estimadas*

Todo o ano 2011.

Resumo da proposta

Proposta de actividades
1. Implantacións de Software Libre en Windows
2. Implantacións de arranque dual coa Ubuntu-USC
3. Asesoramento e asistencia en Software Libre a comunidade universitaria
4. Desenvolvemento, mantemento e evolución da Ubuntu-USC
5. Promoción do Software Libre na universidade
6. Colaboración coa comunidade de localización galega de Software Libre
<b>Orzamento estimado total : 40.000€</b>



### 3.- Plan de actuacións da OSL da UVigo

#### Introdución

Neste novo ano preténdese dende a Oficina de Software Libre da Universidade de Vigo acadar unha consolidación definitiva desta entidade como referente da Universidade neste eido, mediante unha estruturación e continuidade máis permanente a nivel institucional.

Para a proposta deste ano preténdense renovar aquelas actividades que tiveron mellor acollida e prevendo unha alternancia dun par de anos naquelas como o Ciclo Documental, que non tería sentido realizalo en convocatorias consecutivas xa que a xente á que iría destinado é a mesma á que xa chegou o evento deste ano.

Por outra banda, cabe destacar a incorporación dunha nova actividade como son os “Representantes da OSL”. Este ano, témonos atopado coa dificultade de chegar a todos os campus e facultades para difundir o software libre e as actividades que se desenvolven dende a Oficina. Por iso temos previsto a creación dun grupo de cooperantes, que transmitan tanto a información como as liñas de actuación que se están a levar a cabo nas diferentes facultades, conseguindo deste xeito unha maior chegada ao alumnado en xeral.

#### Plan de actuacións detallado

A continuación preséntanse de xeito resumido as propostas para este novo ano.

##### **1.- *Mantemento da Web da Oficina***

###### *Descrición*

Mantemento dos contidos e da estrutura da web da oficina de software libre da Uvigo. Consta das seguintes subactividades:

###### **1. Estudo da accesibilidade.**

Estudo da accesibilidade da páxina a nivel de AA e pasos a seguir para a súa consecución. Entregarase un informe de accesibilidade da páxina web.

###### **2. Elaboración de manuais.**

Elaboración dun Manual de estilo dos contidos da web de osluvi e un Manual de administración da web.

### 3. Xeración de contidos.

Introdución de información nas seccións correspondentes.  
Elaborarase un informe mensual dos contido engadidos.

#### *Público Obxectivo*

Comunidade Universitaria da Uvigo

#### *Duración e datas previstas*

Durante todo o ano

## 2.- *Gravación de pímulas docentes de Software Libre*

### *Descrición*

Realizar a gravación de pímulas docentes sobre aplicativos empresariais, seguindo a pauta iniciada no ano anterior.

Os contidos das pímulas serán os establecidos nunha primeira reunión entre as oficinas e AGASOL e co obxectivo de poder chegar a distintos ámbitos de actuación: cidadanía, empresas, empregados públicos, etc. Complementarias ás xa gravadas no ano anterior.

Este proxecto constará das seguintes tarefas:

#### 1. **Planificación.**

Definición do programa de gravación durante o ano 2011, reserva de espazos de gravación, concreción de citas cos ponentes... Establecerase un programa de gravación describindo temáticas e ponentes e indicando datas e lugares.

#### 2. **Gravación.**

Gravación das pímulas de acordo ao plan de establecido.

#### 3. **Publicación.**

Creación dunha canle en Vimeo, ou similar, para a oficina que duplique a plataforma da uvigo que é totalmente privativa.

#### *Público Obxectivo*

Cidadanía, empresas e empregados públicos.

#### *Duración e datas previstas*

Preparación: todo o ano.

Gravación: Marzo a Xuño de 2011

### **3.- Grupos de Innovación Docente de Profesores en Software Libre**

#### *Descrición*

Desenvolvemento dos grupos de innovación docente creados no ano anterior; estes grupos de profesores realizan actividades en común sobre materias do mesmo tipo de perfil e compártenas con outro profesorado.

Estes profesores encargaranse de publicar os seus materiais, discutilos, facer novos materiais, solicitar necesidades de formación e equipamentos ás súas vicerreitorías. Deste xeito, os propios creadores de contidos e experiencias, traballarán xuntos para desenvolver máis cada perfil de materia de acordo a ferramentas de software libre e acurtar as barreiras de entrada doutro profesorado do mesmo perfil.

Tarefas a desenvolver:

#### **1. Planificación.**

Definición dos grupos a traballar durante o ano 2011. Obterase un listado de profesores, temáticas e grupos formadas para o ano 2011.

#### **2. Difusión e coordinación.**

Creación do espazo web de cada grupo e definición das actividades, presenciais ou virtuais, de cada grupo. Elaborarase un manual de uso do espazo web do grupo de innovación.

#### **3. Publicación.**

Recompilación dos materiais creados por cada grupo e posta en valor na comunidade educativa.

#### *Público Obxectivo*

Profesorado

#### *Duración e datas previstas*

Todo o ano 2011

### **4.- Días MásQueLIBRES**

#### *Descrición*

Realizar unha xornada de traballo en cada centro (ou grupo de

centros afíns) da Universidade orientando a mesma á difusión do software libre, diferenciándoo doutro software e exposición de vantaxes e posibles usos.

Serían xornadas de todo o día con distintas actividades.

O desenvolvemento desta actuación da OSL require a realización das seguintes tarefas:

### **1. Planificación.**

Definición do material gráfico a entregar nos stands, así como posibles medios técnicos necesarios durante o ano 2011.

### **2. Definición de calendario.**

Definición dos lugares, datas e reunións de traballo con cada un dos centros implicados.

### **3. Execución.**

Realización dos Días MáisQueLibres en cada un dos centros. Elaboraranse informes sobres as actividades realizadas en cada centro, fotografías e conclusións

#### *Público Obxectivo*

Profesorado, alumnado e PAS. Poderían achegarse cidadáns externos nalgunha das sesións de difusión.

#### *Duración e datas previstas*

Organización: Todo o ano 2011

Execución: 5 xornadas entre Marzo e Xuño

## **5.- Xornada Empresarial sobre Solucións Libres**

#### *Descrición*

Realizar unha xornada de traballo nun campus coas seguintes actividades durante a sesión:

- Exposición das TICs e os seus beneficios [Non mais de 10 min por empresa]
- Creación de grupos de empresarios segundo sectores [minitaller de traballo do grupo con cada empresa de agasol participante ] Rotatorio: todos os empresarios expoñen necesidades e coñecen todas as empresas. En cada grupo existirá unha figura externa que dinamice o grupo e

achegue en cuestións xerais.

- Plenario entre todos con conclusións.
- Tempo para Networking .

DESTACABLE: Unha metodoloxía innovadora onde ningún empresario pode ser un mero espectador pasivo durante a xornada.

A realización desta xornada requirirá dos seguintes pasos:

### **1. Planificación.**

Definición do programa da xornada e contacto cos ponentes comprometendo a data.

### **2. Difusión.**

Difusión da xornada empresarial mediante cartelería, folletos, periódicos, webs, etc.

### **3. Execución.**

Realización da xornada empresarial. Elaborarase un informe da relación da xornada, desenvolvemento e conclusións. Fotografías e repercusión en medios de existir...

#### *Público Obxectivo*

Empresariado e traballadores.

#### *Duración e datas previstas*

Organización: Todo o ano 2011

Execución: 1 xornada nun campus da Uvigo no terceiro trimestre do ano.

## ***6.- Elaboración de material como soporte a cursos de Software Libre***

#### *Descrición*

Elaboración de material para cursos de formación en tecnoloxías libres certificado pola Oficina de Software Libre.

Desenvolverase de acordo á seguintes tarefas:

### **1. Planificación.**

Definición dos contidos a traballar durante o ano 2011 e plan de entregas de cada un. Elaborarase un listado de temáticas, contidos a desenvolver, tipoloxía e temporalización dos mesmos para o ano 2011.

## 2. Planificación da difusión.

Creación dun modelo de licenza para a distribución dos contidos e definición da plataforma de teleformación onde se publicarán.

## 3. Execución.

Desenvolvemento dos contidos e publicación na plataforma online.

### *Público Obxectivo*

Profesorado, alumnado e PAS

### *Duración e datas previstas*

Todo o ano 2011, supeditado ás propostas de cursos que se reciban.

## **7.- Obradoiro de desenvolvemento competitivo con Software Libre**

### *Descrición*

O obradoiro consistirá na proposta dun proxecto de software libre que se realizará, baixo a dirección da OSL, por membros da comunidade universitaria e outras persoas interesadas.

Tamén se solicitará a participación de empresas vencelladas ao software libre para aumentar a potencialidade do proxecto.

O obxectivo principal do obradoiro, ademais da difusión do software libre, é crear un novo proxecto (cunha posible orientación de utilidade para a universidade) e fomentar a creación dunha comunidade ao seu redor.

Distribuirase o mesmo pola forxa de mancomún e sourceforge.

Constará das seguintes fases:

### **1. Definición.**

Definición do plan de traballo no obradoiro, colaboradores de inicio.

### **2. Difusión.**

Definición dun plan de difusión para obtención de colaboradores, difusión de actividades, etc.

### **3. Execución e publicación.**

Recompilación das actividades realizadas e publicación do proxecto na forxa.

### *Público Obxectivo*

Profesorado, alumnado e PAS

### *Duración e datas previstas*

Todo o ano 2011.

## **8.- Representantes da oficina**

### *Descrición*

Dada a dificultade de facer chegar o software libre e as actividades de difusión a tódalas facultades e escolas dos diferentes cursos, imos crear unha nova figura que chamaremos “representantes da oficina”, que serán persoas que se encargarán de informar das actividades da Oficina de Software Libre e axudar no desenvolvemento das mesmas.

#### **1. Convocatoria.**

Convocatoria de representes e selección dos mesmos segundo a distribución dos centros.

#### **2. Planificación.**

Definición dos lugares, actividades a realizar e modo de difusión. Informe sobre os centros onde se centrará cada representante e as súas actividades durante o 2011.

#### **3. Execución.**

Realización final das actividades promocionais da oficina en cada centro descrito.

### *Público Obxectivo*

Profesorado, alumnado e PAS

### *Duración e datas previstas*

Todo o ano 2011.

Resumo da proposta

Proposta de actividades
1. Mantemento da Web da Oficina
2. Gravación de Pílulas Docentes de Software Libre
3. Grupos de Innovación Docente de Profesores en Software Libre
4. Días MásQueLIBRES
5. Xornada Empresarial de Solucións Libres
6. Elaboración de material como soporte a cursos de formación
7. Obradoiro de desenvolvemento competitivo con software libre
8. Representantes da oficina
<b>Orzamento estimado total : 40.000€</b>



#### 4.- Programa de posgrao da Universidade de Vigo conducente a título de Máster Universitario en Consultoría en Software Libre

##### Introdución

A Universidade de Vigo é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico e ten como un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten ó desenvolvemento económico de Galicia.

Desde a Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo implantouse, o 26 de setembro de 2008, o Programa Oficial de Posgrao (POP) de Consultoría Informática en Software Libre que da acceso ao título de "Máster en Consultoría de Software Libre".

Trátase dun Máster de 60 créditos ECTS que se divide nos seguintes módulos:

- Módulo I: Introducción ao Software Libre
- Módulo II: Tecnoloxías de Desenvolvemento de Software Libre
- Módulo III: Ferramentas de Intelixencia de Negocio
- Módulo IV: Administración e Dirección das TIC
- Módulo V: Seguridade e Lexislación

##### Programa do Máster en Consultoría de Software Libre

A continuación descríbense os obxectivos específicos deste programa oficial de posgrao, así como as competencias xerais e específicas que adquiriran os titulados e un resumo do custo económico do Máster.

##### **1.- Obxectivos específicos do programa**

Os obxectivos formativos do Máster en Consultoría de Software Libre son:

1. Coñecer os fundamentos, vantaxes e oportunidades que ofrecen os modelos de desenvolvemento de aplicacións de xestión baseados en software libre.
2. Coñecer e dominar as principais tecnoloxías e frameworks

- de desenvolvemento de sistemas de información baseados en software libre.
3. Coñecer as principais características dos sistemas de Intelixencia de Negocio e dominar o proceso de implantación e parametrización destes sistemas.
  4. Coñecer as principais técnicas de planificación, xestión e control de calidade de proxectos informáticos.
  5. Coñecer o marco normativo e obrigacións legais relativos á seguridade dos sistemas de información e de protección de datos.
  6. Dominar os principais aspectos e técnicas das actividades da consultoría informática.
  7. Coñecer os principais conceptos de estrutura da empresa, a función directiva, os procesos de toma de decisións, así como do establecemento da política estratéxica da empresa.
  8. Analizar e modelar os fluxos e medios polos que os directivos das empresas reciben e distribúen a información do negocio.
  9. Coñecer os métodos e ferramentas que permiten aliñar a política TIC dunha empresa coas súas necesidades estratéxicas.
  10. Coñecer os principais métodos de auditoría e mellora continua en solucións TIC, co fin de poder realizar diagnósticos de situación, priorización de propostas tecnolóxicas e xestionar adecuadamente a infraestrutura TIC da organización.
  11. Diseñar, aplicar e mellorar continuamente os sistemas de xestión de calidade dos proxectos tecnolóxicos.
  12. Coñecer os principais tipos de ameazas aos que está sometido un sistema informático, así como os métodos de protección, detección e políticas de seguridade.
  13. Adquirir as capacidades directivas necesarias para liderar e motivar adecuadamente a equipos de traballo multidisciplinares.
  14. Dominar as principais estratexias, técnicas e recursos de negociación e presentación.
  15. Comunicar ideas e conceptos de xeito convincente de palabra e por escrito.

## ***2.- Competencias xerais e específicas que adquirirán os titulados***

Preténdese que os titulados no Máster de Consultoría de Software Libre adquiran as seguintes competencias específicas e transversais:

### *Competencias específicas de desenvolvemento de aplicacións de software libre*

- Dirixir e coordinar o proxecto de desenvolvemento de aplicacións de software libre, supervisando as funcións e recursos de análise funcional, orgánico e programación, asegurando a adecuada explotación dos aplicativos.
- Dirixir equipos de traballo compostos por analistas funcionais, analistas de aplicacións e programadores.
- Coñecer as características das principais tecnoloxías e frameworks de desenvolvemento de aplicacións de software libre.
- Desenvolver aplicacións empresariais utilizando as arquitecturas de desenvolvemento máis actuais.
- Control e seguimento de prazos, indicadores económicos e de calidade.
- Supervisar e coordinar o desenvolvemento completo de aplicacións e administrar a introdución de sistemas de xestión de software libre.
- Analizar e recoller novas técnicas e ferramentas do mercado estudando a súa viabilidade e necesidade.
- Control e xestión do desenvolvemento de proxectos informáticos.
- Integrar sistemas informáticos existentes susceptibles de interrelacionarse
- Analizar e decidir a alternativa óptima de software libre a instalar e adaptar.

### *Competencias específicas de implantación de ferramentas de intelixencia de negocio*

- Instalar ferramentas de datawarehouse e SIAD (Sistemas de

Información para a Alta Dirección)

- Manter a coherencia do sistema de información con respecto á organización da empresa e á súa evolución.
- Garantir a posta en marcha dos cambios no marco da implantación de sistemas integrados (ERP, CRM,...)
- Concibir os aplicativos, pilotar a introdución e a parametrización dos sistemas integrados (ERP, CRM,...).
- Avaliar novos produtos informáticos que poden achegar melloras tanto nos sistemas existentes como no desenvolvemento de novos sistemas.

*Competencias específicas de consultoría, administración e xestión das tic*

- Establecer o aliñamento dos obxectivos informáticos cos obxectivos da empresa e velar polo seu cumprimento.
- Definir a política informática da empresa a medio e longo prazo.
- Efectuar o diagnóstico dos sistemas informáticos da empresa desde diferentes ángulos: técnico, organizativo, funcional, económico e humano.
- Xestionar as relacións cos provedores e negociar os contratos.
- Establecer as directrices sobre as métricas e indicadores que serán utilizados para permitir á Dirección da Empresa a avaliación e o seguimento dos sistemas informáticos.
- Analizar os proxectos e as necesidades e propor solucións no plano técnico, humano e financeiro.
- Optimizar, xestionar e optimizar os procesos de negocio da empresa.
- Asegurar a definición das directrices de calidade, a súa aplicación, así como a estandarización.

*Competencias específicas de seguridade e protección de datos*

- Establecer políticas de seguridade e técnicas criptográficas.
- Instalación e configuración de firewalls: compoñentes, configuracións, produtos. Definición de regras de filtrado,

conexións e servizos.

- Análise dos procedementos, accesos e seguridade en vigor.
- Asegurar a conformidade do sistema informático á lexislación en vigor

#### *Competencias transversais xenéricas*

- Instrumentais
  - Capacidade de análise e síntese
  - Capacidade de organización e planificación
  - Capacidade para resolver problemas
  - Capacidade de xestión da información
  - Capacidade de tomar decisións
- Persoais
  - Traballo en equipo
  - Habilidades nas relacións interpersoais
  - Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
  - Recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade
- Sistémicas
  - Razoamento crítico
  - Compromiso ético
  - Aprendizaxe autónoma
  - Adaptación a novas situacións
  - Creatividade
  - Liderado

## 5.- Plan de actuacións de AGASOL

### Introdución

A **Asociación de empresas Galegas de Software Libre** (en adiante, AGASOL) é unha iniciativa de empresas galegas de software libre que se agrupan nunha asociación para intentar acadar maiores oportunidades de negocio, exercer como interlocutores dun sector en fase expansiva en Galicia e, ao tempo, promocionar un modelo de sociedade do coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

AGASOL ten entre os seus obxectivos:

1. Promocionar o Software Libre como ferramenta válida para desenvolver a sociedade da información en Galicia.
2. Servir de interlocutor ante a Administración Pública galega para apoiala e asesorala no proceso de migración e implantación de Software Libre e estándares abertos.
3. Fomentar e organizar a colaboración entre os seus socios, de maneira que poidan facilitarse e xerarse novas oportunidades de negocio.

### Plan de actuación detallado

#### 1.- Implantación de Navalplan

##### Descrición

Dentro do marco da estratexia da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que pretende ofrecer un servizo integral á PEME galega a través de diferentes servizos e produtos, AGASOL propón a implantación de Navalplan nunha empresa navieira referencia do sector naval e en dúas das súas empresas auxiliares.

**Navalplan** é un aplicativo web de software libre para a xestión de proxectos. Trátase dunha ferramenta de planificación para usuarios baseada nos seguintes conceptos: visión xeral de empresa e multi-proxecto, asignación de criterios, etiquetado de tarefas, xestión de recursos, asignación de recursos (específica e xenérica), control de carga da empresa, integración externa, etc.

O proceso levarase a cabo da seguinte maneira: a empresa

desenvolvedora do produto (Igalia) dará un curso de formación completo sobre Navalplan ás empresas de Agasol e dese curso farase a selección obxectiva das candidatas para a implementación nos clientes do sector naval aos cales facemos referencia no parágrafo anterior.

Agasol encargárase da selección obxectiva das empresas candidatas.

#### Público obxectivo e impacto previsto

Aínda que o seu nome está claramente relacionado co sector naval, NavalPlan é unha **ferramenta de planificación completamente útil para calquera tipo de empresa que o seu fluxo de traballo requira a xestión e planificación de proxectos e pedidos**. NavalPlan foi desenvolvida orixinalmente pola "Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia" para mellorar a xestión da produción das empresas do sector auxiliar do naval galego.

PLANIFICA: Planifica de xeito conxunto os proxectos da empresa.

MONITORIZA A EMPRESA: Realiza o seguimento do progreso, materiais e horas adicadas en cada unha das tarefas.

CONTROLA OS PROXECTOS: Controla os custos, desvíos e capacidade da empresa como apoio para a toma de decisións estratéxicas.

ORGANIZA AS TAREFAS: Organiza a capacidade produtiva dos recursos e a súa relación coas tarefas dos proxectos.

CONECTA: Integra NavalPlan con ERP e con outras empresas.

#### Datas e duración previstas

O calendario necesario para realizar este proxecto é de cinco meses, coas seguintes fases:

1. Organización e posta en marcha.
2. Curso de formación de Navalplan para empresas de Agasol
3. Selección das empresas que van implementar Navalplan
4. Selección das empresas do naval participantes no proxecto.
5. Consultoría tecnolóxica.
6. Implementación na empresa principal.
7. Implementación nas dúas empresas auxiliares.

8. Difusión do proxecto.

[Resumo da proposta](#)

Proposta de actividades
1. Curso de formación sobre a ferramenta de planificación NavalPlan
2. Consultoría tecnolóxica a empresas do sector naval sobre NavalPlan
3. Implantación de NavalPlan en empresas do sector naval por empresas de AGASOL
<b>Orzamento estimado total : 35.000€</b>



## 6.- Plan de actuacións de Amigus

### Introdución

A **Asociación Informática Amigus** é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fins promover o uso da informática e o uso de aplicacións informáticas de código aberto, e en particular do sistema operativo GNU/Linux.

A nosa actividade céntrase principalmente no eido do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), aínda que dentro das nosas posibilidades acudimos a outros concellos, como xa foi o caso de Vilalba, Ferrol e Pontedeume.

En canto á promoción do uso da informática, estamos a facer entre dúas e tres “festas informáticas” anuais nas que participan entre 40 e 60 persoas.

En canto á promoción do software libre, regularmente organizamos charlas para o público en xeral ou para públicos máis concretos como escolares, terceira idade, etc.

Tamén procuramos publicar novas sobre informática en xeral e GNU/Linux en particular na nosa páxina web ([www.amigus.org](http://www.amigus.org)), que usamos tamén para ofertar novas da localidade aos nosos veciños.

### Plan de actuacións detallado

Na nosa vila e comarca, segue habendo un descoñecemento xeneralizado do software libre, aínda que entre a xente nova que gusta das novas tecnoloxías, si se coñece aínda que só o usa unha porcentaxe moi pequena.

Polo tanto, o plan de actuacións estará encamiñado a procurar corrixir esta situación en tres ámbitos principais: a mocidade, as empresas e a terceira idade.

#### **1.- Charlas en institutos**

##### *Descrición*

Charlas en institutos sobre o software libre, onde se repartirán folletos informativos.

Simultaneamente realizaranse obradoiros nos institutos sobre o emprego dos aplicativos libres de maior uso a nivel xeral (Mozilla Firefox, Mozilla Thunderbird, OpenOffice.org, The Gimp, etc.).

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Estas charlas e obradoiros serán dirixidos ao alumando e colectivo docente.

Estimamos un público total dunhas 500 persoas.

#### *Duración e datas estimadas*

Realizarase durante os meses de febreiro e marzo no Institutos de Educación Secundaria Moncho Valcarce e Castro da Uz.

Serán tres charlas e tres obradoiros por instituto. As charlas serán dunha hora, e os obradoiros de dúas. Isto suma un total de 18 horas.

### **2.- Charlas a empresas**

#### *Descrición*

Serán dúas charlas dirixidas a empresas, unha á asociación de comerciantes, e outra á asociación de usuarios de solo industrial.

Nelas daráselles a coñecer aos comerciantes e empresarios da vila o software libre e como se poden beneficiar del nas súas empresas.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Aínda que o número de comercios e empresas na vila é numeroso, non contamos que asista un grande número de empresarios. Estimamos que acudan ao redor de 30 persoas a cada un deles.

#### *Duración e datas estimadas*

Cada charla durará unha hora e media, e realizaranse no mes de abril.

### **3.- Obradoiro para a terceira idade**

#### *Descrición*

En dous obradoiro de tres horas cada un, ensinaráselles aos asistentes o uso da suite ofimática OpenOffice.org e o explorador web Mozilla Firefox.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Debido a que as aulas de que dispoñemos nas Pontes, teñen poucos postos, estimamos que asistirán un máximo de 20 persoas.

*Duración e datas estimadas*

Os obradoiros realizaranse no mes de abril e terán unha duración de tres horas cada un, repartidas en dúas sesións de hora e media.

Resumo da proposta

Proposta de actividades
1. Charlas en institutos
2. Charlas a empresas
3. Obradoiro para a terceira idade
<b>Orzamento estimado total : 3.200 €</b>

## 7.- Plan de actuacións de Comunidade O Zulo

### Introdución

**Comunidade O Zulo** é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída legalmente en Maio de 2010 ó abeiro da vixente Lei Orgánica 1/2002. Os obxectivos principais da “Comunidade” son:

- Promover a construción dunha sociedade de coñecemento libre.
- Promocionar no eido social, cultural e económico o uso de aplicacións informáticas de libre distribución e uso.
- Promocionar o idioma galego no mundo informático e da rede internet.

O ámbito principal de actuación da “Comunidade” é a comarca de Ferrolterra; se ben co paso do tempo e a consolidación de actividades, a día de hoxe podemos afirmar que o marco de actuación das nosas actividades pasou a ser autonómico.

### Plan de actuacións detallado

Neste ano 2011 a proposta para as actividades a realizar, conxugan a consolidación daquelas que tiveron unha mellor resposta, con outras novas con que pretenden dar cando menos un soplo de aire fresco no eido da formación e da promoción do software libre.

#### **1.- VIII Xornadas Software Libre**

##### *Descrición da actividade*

As “Xornadas de Software” xunto co “Ciberencontro Kernel” é un eixo fundamental sobre o que xiran as actividades da “Comunidade”.

Comezamos en 2004 a realizalas nun formato por aquela data aínda non moi estendido como son os “Obradoiros de Software Libre”. Ao longo de 8 semanas, dende marzo ata maio de 2004 celebramos obradoiros de introdución ao mundo do software libre e do sistema operativo GNU/Linux, a suite OpenOffice e diversos aplicativos para contornos tanto empresariais coma domésticos.

Foi no ano 2007 onde decidimos mudar de formato, e converter os obradoiros nunha xornada festiva e de achegamento ao mundo da liberdade do software. Para esta nova configuración decidimos

achegar a Mugardos aos líderes de opinión da cultura e tecnoloxía libres de Galicia, así como a representación das AGULS que empurran e traballan a prol do fornecemento do software libre. Progresivamente as xornadas foron gañando en contidos e ampliando perspectivas de diversos coñecementos, dende temas referentes a implementación de aplicativos libres nas empresas, tecnoloxías como VoIP ou as vangardas de software libre en galego.

Neste ano 2011 xa estamos a traballar para achegar a Mugardos, e en definitiva á toda a sociedade galega a xente moi implicada coa filosofía do software libre e da liberdade da información, como poden ser Jose Marchesi, Ismael Olea ou os membros de CulturaRWX.

Os obxectivos principais das Xornadas de Software libre son:

- Difundir a filosofía do software e a cultura libre.
- Promover o uso do galego.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

A medida que se consolidaban as Xornadas, medrou o interese polas mesmas. Pasamos dunha presenza local, con asistentes da vila de Mugardos, a organizar un evento coñecido a nivel galego, onde membros de AGULS e cidadáns interesados na temática tratada participan neste foro.

En relación á difusión do evento, a liña trazada para esta oitava edición mantén elementos das anteriores como poden ser:

- Difusión en redes sociais: Identi.ca, Twitter, Gnewbook...
- Difusión notas de prensa escrita e radio.
- Cartelería.

xunto con outros aínda non explotados como poden ser cuñas radiofónicas.

#### *Duración e datas estimadas*

Previstas para realizar a mediados de 2011.

## **2.- Día Mundial do Software Libre**

#### *Descrición*

O Día Mundial do Software Libre (en adiante, DMSL) é unha celebración que, dende o ano 2004, celébrase cada ano o terceiro

sábado de cada mes de Setembro para promocionar e difundir o uso e virtudes do Software Libre no Mundo.

O patrocinador principal para 2005-2006 foi Canonical Ltd., compañía que está detrás da distribución de GNU/Linux UBUNTU.

Dende 2006 encárgase do evento a “Software Freedom International”, organización sen fins lucrativos e patrocinador principal, aceptando doazóns, firmando contratos de patrocinio e enviando materiais a través das contas oficiais.

Tamén andan á procura de esforzos voluntarios noutros sectores, como coordinadores locais, coordinadores de patrocinios, encargados do sitio web e do wiki, xente para a campaña cós medios, etc.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Dende a “Comunidade” levamos dous anos sumándonos a este proxecto de educación pública e libre, aportando o noso gran de area de cara á promoción e difusión deste evento, partindo da base de que o acceso á formación non ten que depender do pago ou non dunha licencia de software; demostrando que no Mundo estase levando a cabo unha verdadeira revolución no eido de compartir tanto coñecementos como ferramentas que nos axudan a que o acceso á tecnoloxía non sexa cuestión de cartos. Nós queremos continuar dando pulo a estas iniciativas desinteresadas empregando os medios escasos cos que contamos.

A nosa experiencia lévanos a afirmar que existe un gran descoñecemento do que significa o DMSL e gustaríanos poder darlle o pulo que este evento merece, promocionando o galego e facendo que a nosa Comunidade Autónoma sexa un referente na defensa e uso do Software Libre no Mundo.

#### *Duración e datas estimadas*

O Día Mundial do Software Libre celébrase o terceiro sábado do mes de setembro.

### **3.- *Introdución ao computador libre***

#### *Descrición*

Curso de formación en ferramentas e aplicativos libres que facilitará aos asistentes os coñecementos necesarios para o emprego de software libre tanto na súa vida cotiá (contidos multimedia, ofimática) como profesional (introdución).

O deseño curricular está aínda por definir pero terá como

elementos fundamentais:

- Instalación e obtención de sistemas operativos libres.
- Ferramentas comúns ofimática
- Ferramentas comúns multimedia
- Ferramentas e aplicativos profesionais, introdución

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Tratarase de que cada alumno acade un manexo básico do sistema operativo Ubuntu localizado a galego e das ferramentas libres máis demandadas, vencendo o medo que xeran este tipo de tecnoloxías no usuario e demostrando a súa utilidade no día a día.

O curso difundirase nas redes sociais, prensa, radio e cartelería e está pensado para que se poida conxugar unha docencia presencial e on line (70% presencial e 30% on line).

#### *Duración e datas estimadas*

O curso está pensado para trinta alumnos e desenvolverase durante corenta horas.

#### Resumo da proposta

Proposta de actividades
1. VIII Xornadas Software Libre
2. Día Mundial do Software Libre
3. Introducción ao computador libre
<b>Orzamento estimado total : 8.760 €</b>

## 8.- Plan de actuacións de GALPon

### Introdución

**GALPon** é unha asociación sen ánimo de lucro afincada na provincia de Pontevedra e cuxos fins baséanse na promoción e difusión do Software Libre e GNU/Linux.

Dende a creación da Asociación, no ano 2002 realizáronse diferentes actividades relacionadas co Software Libre e as fontes abertas<sup>1</sup>. Neste dossier, preséntanse as actividades propostas para o ano 2011.

O nivel de detalle de orzamento e cumprimento foi axustado o máis preciso contando coa información que actualmente dispomos.

### Plan de actuacións detallado

#### ***1.- Cursos Migración a SwL e estándares abertos para Directivas FANPA***

##### *Descrición*

Cursos nos que se imparte formación para a migración non traumática cara ao emprego de ferramentas FLOSS e estándares abertos, para a realización dos traballos de xestión e administración das ANPA.

Temario:

- Os estándares
- Sistemas ofimáticos
- Procesador de texto OOo Writer
- Follas de cálculo OOo Calc
- Presentacións OOo Impress
- Correo e mensaxería instantánea FireFox e Empathy

O curso impartirase totalmente en galego e con ferramentas en galego.

##### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Membros de directivas de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos do ensino público da provincia de Pontevedra.



Cada curso, dada a súa brevidade no tempo e a intensidade dos cursiños, ten un límite de 10 asistentes.

#### *Duración e datas estimadas*

Duración total de 8 horas. Intensivo, o horario será normalmente de 9:30 a 14:30 hrs e de 16:30 a 19:30 hrs.

### **2.- Curso de Sistemas de control de versións para desenvolvemento de software**

#### *Descrición*

Introdución ao Sistemas de Control de Versións e afondamento en GIT.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Curso de nivel alto, orientado a estudantes e profesionais, preferiblemente que teñan interese no desenvolvemento de aplicativos.

Estimamos que poden asistir 15 alumnos de nivel alto, entre xente do eido das telecomunicacións/enxeñaría.

#### *Duración e datas estimadas*

Curso impartido por Francisco Diéguez, a realizar nunha tarde de venres e nun sábado de mañá (8 horas)

### **3.- Conferencia “Mujeres y Software Libre” por Miriam Ruíz**

#### *Descrición*

Conferencia a cargo de Miriam Ruíz sobre a implicación das mulleres na tecnoloxía e máis concretamente no eido do Software Libre.

Xustifícase a realización desta actividade logo de ver a alta participación dun 30% de mulleres no “Curso de Administración Avanzada de SwL” organizado por GALPon no ano 2010.

Referencias de Miriam Ruíz:

Enxeñeira española, e Desenvolvedora de Debian, unha distribución de Linux. Segundo indica “Estou moi implicada no empaquetamento de xogos, así como no proxecto Debian Women. Tamén estou involucrada na «netesfera» feminista, en grupos como LinuxChix, Ubuntu-Women, WikiChix, ChicasLinux, Indymedia Women ou Sisters, pero realmente non fago moitas

cousas neles, fundamentalmente porque non teño tempo para estar tan activa en todas partes. De calquera xeito apóioas totalmente.”

É editora de Barrapunto, un dos weblogs máis importantes en español, e realmente unha das mellores fontes de información sobre tecnoloxía e cultura «geek» en español na rede.

Material a empregar:

- [http://www.miriamruiz.es/slides/2010\\_Mujeres\\_Software\\_Libre.odp](http://www.miriamruiz.es/slides/2010_Mujeres_Software_Libre.odp)
- [http://www.miriamruiz.es/slides/2010\\_Mujeres\\_Software\\_Libre.pdf](http://www.miriamruiz.es/slides/2010_Mujeres_Software_Libre.pdf)
- <http://www.slideshare.net/inniyah/mujeres-en-el-software-libre-musac-len-2010>

Entrada do día 10 de novembro 2010 no seu blogue persoal: <http://www.miriamruiz.es>:

“Respondo desde mi blog a la entrada de Paco Prieto en su Servilleta sobre la monoparentalidad de las redes informáticas, ya que tengo algunos problemas para escribirlo en un comentario:

La historia de la informática y de las tecnologías de la información está plagada de mujeres muy importantes, comenzando por Ada Lovelace, considerada la primera persona programadora, Grace Murray Hopper, pionera en la concepción y el diseño de los primeros compiladores, pieza clave en la concepción y diseño del lenguaje COBOL, y que participó también en el comité de estandarización de FORTRAN, pasando por Fran Allen, pionera en el campo de la optimización de compiladores, hasta las menos conocidas programadoras del ENIAC. Otra notable ingeniera, en este caso de telecomunicaciones, y además actriz, fue Hedy Lamarr, inventora de, entre otras cosas, el conmutador de frecuencias, elemento imprescindible para la telefonía móvil y la transmisión de datos sin cables. Sirva como indicativo que el día del inventor se celebra el 9 de noviembre en su honor, ya que ésa es la fecha de su cumpleaños.

El caso de las 6 programadoras del ENIAC, y sobre todo el hecho de que su importancia en la historia de los ordenadores haya sido tan silenciada, hasta el punto de que los ingenieros varones Mauchly y Eckert fueron los que pasaron a la historia, no deja de ser llamativo y

significativo de una época. Las programadoras del ENIAC desarrollaron las bases de la programación de los ordenadores: crearon la primera biblioteca de rutinas y las primeras aplicaciones de software. En 1997, a pesar de todo el esfuerzo por intentar excluirlas de la historia, fueron incluidas en el Women in Technology International Hall of Fame.

Copiando y pegando, en inglés, lo siento, de un artículo de 1996 sobre las mujeres en el desarrollo de la informática: «Women have been involved in computing since its inception, and though the proportion of women in the field (about 13%) is far less than are to be found in our society, they still have a strong impact on our industry. The column could easily be filled with just the names of the women who have contributed to the field of computing, but most of them are still unknown, overshadowed by the myriad male innovators and often by their husbands»”

(Tradución nosa: As mulleres participaron na informática desde os seus inicios, e aínda que a proporción de mulleres no campo (13%) é moito menor do que se atopan na nosa sociedade, aínda teñen un forte impacto na nosa industria. O oco pode encherse doadamente con só os nomes das mulleres que contribuíron no campo da informática, pero a maioría deles aínda se descoñecen, eclipsados polos innumerables innovadores home e moitas veces polos seus maridos).

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Toda a sociedade en xeral, con especial interese para as mulleres e nomeadamente as profesionais e estudantes de enxeñerías relativas ás TIC.

O impacto estimado é de 60 persoas asistentes á conferencia, ademais de saír en diferentes medios.

#### *Duración e datas estimadas*

Unha xornada. A data aínda está por pechar coa persoa implicada.

#### **4.- Presentación de “Enable Viacam<sup>3</sup>” por Cesar Mauri**

##### *Descrición*

Cesar Mauri é o desenvolvedor principal do proxecto Enable

<sup>3</sup>[http://eviacam.sourceforge.net/eviacam\\_gl.php](http://eviacam.sourceforge.net/eviacam_gl.php)

Viacam. Enable Viacam (eViacam) é un programa de computador que substitúe a funcionalidade do rato permitindo mover o punteiro a partir do movemento da cabeza. Funciona nun ordenador PC equipado cunha cámara web, sen elementos adicionais. eViacam está baseado no programa «Rato facial» galardoado con varios premios. eViacam fornecese baixo licenza GNU/GPL.

Faranse dúas presentacións, unha máis técnica nunha das escolas de enxeñaría da Universidade de Vigo para estudantes e profesorado, e outra máis práctica para axentes sociais vinculados ao traballo con persoas con mobilidade reducida.

A presentación a axentes sociais vinculados ao traballo con persoas con mobilidade reducida será moi práctica, celebraríase un sábado de mañá e pola tarde os socios de GALPon poderán facer a instalación en equipos achegados por estes axentes ou por usuarios con mobilidade reducida.

A presentación na Universidade sería máis técnica, conforme corresponde ao perfil dos asistentes.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Axentes sociais vinculados ao traballo con persoas con mobilidade reducida

Persoas con mobilidade reducida / problemas motores

Profesionais e estudantes de enxeñerías relativas as TIC

No caso da presentación na Universidade creemos que poderemos contar cuns 40 asistentes.

No caso da presentación a axentes sociais vinculados ao traballo con persoas con mobilidade reducida a presenza pode ser moi numerosa.

Esta actividade, presentada con tempo abondo e con apoio institucional pode ter unha gran repercusión mediática.

#### *Duración e datas estimadas*

Por determinar.

### **5.- Afianzamento proxecto GALPon MiniNo**

#### *Descrición*

O desenvolvemento de GALPon MiniNo está sendo realizado por un equipo de desenvolvedores de GALPon coa axuda doutros do resto

da xeografía do Estado español e mesmo persoal doutros países.

Vemos necesario reconducir o desenvolvemento cara a consecución dunha distro «rolling», para o que temos que abandonar o actual instalador e camiñar cara o emprego de Debian Installer (D-I). Entre os obxectivos inmediatos está a análise do instalador que utiliza actualmente «Mint» (xa en base Debian en lugar de en base Ubuntu) e tratar de obter algún dato ou elemento que nos axude nesta tarefa.

Para que unha distro funcione como «rolling» debemos cinguirnos a unha estrutura total e absolutamente baseada en paquetes .deb, o que nos obriga a:

- Manter un sistema de empaquetado moi rigoroso coa creación de paquetes tipo «minino-desktop» ou «minino-apps» que permitan a actualización e a inclusión/exclusión dos paquetes específicos de minino empregando «apt».
- Crear un repositorio propio que inclúa o «mirroring» dos repos oficiais de Debian. Así de paso achegámonos aos requisitos que esixe a FSF. Isto obriga a solicitar maior espazo de aloxamento, xa que nestos momentos estamos ao límite e estimamos que cos proxectos actualmente presentes necesitaremos duplicar o espazo.

Consideramos que a v2.0 só necesita, a partir de v1.2, a actualización do núcleo (ao empregado por Debian Squeeze) e a actualización consecuente de paquetes, así como o tránsito cara a estrutura «rolling». Para elo marcámonos como meta dispoñer dunha v. alfa a finais de verán de 2011 (finais de agosto) e dunha v. beta a finais de ano.

O actual equipo de desenvolvemento comeza a quedarse corto para afrontar todo o traballo que desexamos. Estes cambios camiñan fundamentalmente a:

Facer a distro o máis aberta posible e que poida ter unha maior proxección, apoio e seguridade de pervivencia no tempo.

Superar as limitacións técnicas e de tempo que ten o actual equipo de desenvolvemento mediante a incorporación de novos voluntarios, e incluso recorrendo a algún procedemento de «incentivos» para aqueles casos de especial complexidade nos que as persoas que coñecemos con capacidade técnica para facelo non dispoñen do tempo ou dos estímulos necesarios.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

O público obxectivo é toda persoa con baixos recursos e/ou entidades como as ONG, ENL (entidades non lucrativas), en xeral todo posuidor de computadoras de baixa capacidades técnica (incluso de máis de 10 anos), polo que se colabora no acceso ás TIC dos sectores máis desfavorecidos ou con baixos recursos.

Na versión anterior da distribución GALPon Minino, temos rexistradas máis de 3.000 descargas e cóstanos a súa instalación en máis de 10.000 equipos. A día de hoxe a actual versión leva xa máis de 3.000 descargas (en tres meses) está presente en Distrowatch e figura tamén na GNU/Linux Distro Timeline 10.12 (desde a 10.10)

### *Duración e datas estimadas*

Ano 2011 – 2012

### Resumo da proposta

<b>Proposta de actividades</b>
1. Cursos Migración a SwL e estándares abertos para Directivas FANPA
2. Curso de sistemas de control de versións para desenvolvemento software
3. Conferencia “Mujeres y Software Libre” por Miriam Ruíz
4. Presentación de Enable Viacam por César Mauri
5. Afianzamento proxecto GALPon MiniNo
<b>Orzamento estimado total : 8.760 €</b>

## 9.- Plan de actuacións de Gandalf

### Introdución

A Asociación GHANDALF nace o 23 de xaneiro de 2009 como ferramenta necesaria para instrumentalizar correctamente as iniciativas de difusión e promoción do Software Libre en Galicia conceptualizadas e propostas por unha serie de mozos galegos.

Unha porcentaxe elevada dos Socios Fundadores de GHANDALF son antigos alumnos do Máster en Software Libre de Caixanova, a Universidad Rey Juan Carlos e Igalia, sendo este feito un indicador do espírito investigador, técnico e innovador que permea a propia Asociación e aos demais socios fundadores e colaboradores.

Por estatutos, o ámbito territorial e de actuación da Asociación GHANDALF correspóndese co ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, sendo obxectivos da Asociación, por exemplo, a "Colaboración na construción dunha sociedade do coñecemento baseada nos principios de libre acceso e uso do software e da información" ou a "divulgación da filosofía e as posibilidades do Software Libre / FLOSS (Free Libre Open Source Software) con especial enfoque nas universidades, centros educativos, administracións públicas, empresas e asociacións de Galicia"

Na curta pero produtiva historia da Asociación son reseñables actividades e proxectos como as charlas sobre Software Libre impartidas no Colexio de Enxeñeiros Industriais e en Enxeñería Sen Fronteiras, así como o proxecto de desenvolvemento e testaxe dunha Metodoloxía de Tradución de Documentación Libre. No ano 2010 GHANDALF subscribiu un Convenio de Colaboración (promovido pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia) coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, ao abeiro do cal puido desenvolver un importante conxunto de actividade de fomento, promoción e difusión do Software Libre.

### Plan de actuacións detallado

No ano 2011 a Asociación GHANDALF ten pensado levar a cabo aquelas actividades que contaba realizar en 2011 pero que por motivos de conxuntura finalmente non considerou axeitado desenvolver no 2010, así como seguir profundando en actividades que tiveron unha gran acollida. Deste mesmo xeito, Gandalf quere manter o seu nivel de co-organización / participación en eventos

Software Libre, posto que en 2010 demostrouse que axudaron claramente a visualizar as capacidades dos axentes FLOSS galegos.

### ***1.- Colaboración na Organización de Conferencias Software Libre en Galicia***

#### *Descrición*

En Galicia contamos coa tremenda sorte de que todos os anos se celebra algún evento dirixido ou ben a desenvolvedores ou ben a outros axentes da comunidade FLOSS (como pode ser o caso da DudesConf, atinxindo ao ámbito dos usuarios da distribución GNU/Linux por excelencia, Debian, así como tamén ao ámbito de todas as súas distribucións derivadas, e tendo como fin de colaborar no desenvolvemento da distribución e do proxecto). É intención de GHANDALF colaborar con outras entidades organizadoras deste tipo de eventos na nosa terra (como pode ser o destacable caso de GPUL) para garantir unha correcta loxística e execución destes eventos, afrontando tamén unha parte do custe económico derivado das viaxes dos poñentes, gastos residenciais e loxísticos, etc

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

O público obxectivo desta actividade é toda a Comunidade de desenvolvedores, usuarios e simpatizantes do Software Libre en Galicia.

#### *Duración e datas estimadas*

Dependerá do calendario de eventos FLOSS que finalmente se concrete en 2011.

### ***2.- Redacción, revisión normativa, edición en formato papel e impresión dunha tirada dun libro compendio dos traballos e documentación técnica desenvolvidos ao abeiro do Máster en Software Libre***

#### *Descrición*

Xa en 2010 GHANDALF contaba con facer un compendio dos traballos técnicos levados a cabo nas edicións celebradas do Máster en Software Libre en Galicia, pero finalmente preferiu levar a cabo esta tarefa en 2011 dado que o Máster 2009 – 2010 era o último que se celebraba en Galicia baixo o mesmo nome e formato que o iniciado en 2007. Deste xeito, GHANDALF estimou que era mellor



facer esta actividade en 2011 e así recompilar traballos de todas as convocatorias do Máster celebradas en base ao seu formato inicial (dende o ano 2007 ata o ano 2010).

Dado que moitos dos traballos están redactados orixinalmente en inglés ou en castelán, GHANDALF ten que traducir estes traballos ao galego e revisar a tradución para asegurarse que a mesma é de calidade e que cumpre coa normativa; este último paso, a revisión da tradución, é o que GHANDALF considera que debe deixar en mans dun profesional incluído no Rexistro pertinente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

A maiores, e debido a que é un bo medio para aumentar a difusión e para tanxibilizar o esforzo empregado, Ghandalf tamén ten intención de facer unha tirada impresa de varias ducias de exemplares.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Calquera persoa con inquiredanzas técnicas, ou incluso filosóficas, relativas aos tópicos dos Software Libre tratados nos diversos artigos técnicos que se inclúan no compendio.

#### *Duración e datas estimadas*

Esta actividade vaise levar a cabo durante 2011 e aínda que Ghandalf desexaría tela feita no primeiro semestre, só se pode comprometer a tela rematada en 2011.

### ***3.- Colaboración na Organización da Libre Software World Conference 2011, e participación na mesma***

#### *Descrición*

Xa en 2010 Ghandalf tivo unha moi destacada colaboración, e participación, na primeira edición da Libre Software World Conference (evento alternativo á Open Source World Conference, cancelada en 2010 pola Junta de Andalucía por motivos de orzamento) colaborando na organización da mesmas, patrocinándoa e levando a cabo un destacable ponencia.

Na propia LSWC os responsables de ASOLIF (*Federación de Asociacións de Software Libre de España*, organizadores da LSWC) fixéronlle chegar a Ghandalf o seu agradecemento polo papel desenvolvido pola nosa Asociación na edicións 2010, así como o seu interese en que Ghandalf seguira colaborando na organización das futuras edicións da conferencia.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

O público obxectivo desta actividade é toda persoa presente na Libre Software World Conference.

#### *Duración e datas estimadas*

A Libre Software World Conference (ao igual que pasaba coa OSWC) non ten datas fixas, co cal esta actividade levarase a cabo cando se convoque a Conferencia.

#### **4.- Sesións de difusión en institucións de Ensinanza (Primaria, Secundaria, Formación Profesional)**

##### *Descrición*

Facer sesións de achegamento ao Software Libre orientadas e executadas en ambientes receptivos e fértiles: institucións de ensinanza Primaria, de ensinanza Secundaria, de ensinanza de disciplinas de Formación Profesional, ou similares.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Os estudantes que agora mesmo están en centros de ensinanza primaria e secundaria son nativos dixitais, e son os usuarios e prescritores de Software do día de mañá. Debido a isto, dende GHANDALF consideramos de capital importancia facilitarlles un acercamento efectivo e atractivo ao Software Libre. Na liña marcada por esta idea, estamos tratando con varios centros de ensinanza a posibilidade de substituír algunhas horas de informática por sesións de difusión na cal se achegue ao alumnado ao Software Libre..

Este feito xa se conseguiu en 2010, obténdose moi bo feedback por parte da Dirección do Centro, polo que é unha actividade que Ghandalf quere potenciar en 2011.

#### *Duración e datas estimadas*

A duración sería de 1 tarde (ou unha mañá) por sesión, salvo que os Centros Obxectivo prefiran un formato distinto. A idea é levar a cabo cando menos 2 sesións formativas desta índole, 1 no primeiro semestre de 2011 e outra no segundo semestre do ano.

### ***5.- Bolsas para a elaboración de Proxectos Fin de Carreira relacionados co ecosistema do Software Libre***

#### *Descrición*

Ghandalf considera moi positivo ofrecer bolsas a estudantes universitarios de disciplinas técnicas relacionadas co Software (Enxeñería Informática, Telecomunicacións, Industriais e relacionados) para que o Proxecto Fin de Carreira que leven a cabo desenvolva sistemas ou achegue valor técnico no ecosistema do Software Libre. A experiencia dos membros de GHANDALF en Software Libre e a participación de algún deles en comunidades coma GNOME ou gvSIG permitirá guiar e mesmo introducir aos alumnos nestas ou noutras comunidades de Software Libre.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Alumnos de ensinanza técnica superiores relacionadas co software, e que estean en disposición de desenvolver o Proxecto Fin de Carreira..

#### *Duración e datas estimadas*

O desenvolvemento desta actividade, dado que a mesma consiste en gran parte en facer acompañamento técnico a estudantes, irá executándose ao longo de todo o 2011.

### ***6.- Distribución do libro “Creando Software Libre” entre entidades relacionadas e bibliotecas***

#### *Descrición*

No ano 2010, e nunha enorme medida grazas ao Convenio 2010 coa Fundación, a Asociación Ghandalf puido facer unha tirada impresa da tradución ao galego (feita pola Asociación e por Colaboradores da mesma) do libro “Producing Open Source Software”.

Ghandalf entende que debe remitir todas as copias que poida a institucións como Universidades, Bibliotecas, persoeiros, etc. para que o libro alcance a maior difusión posible, e estea dispoñible tanto nas bibliotecas xeralistas galegas, como naquelas relacionadas co ámbito TIC.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Calquera persoa interesada no mundo do Software Libre e que estea na procura de documentación en galego na que se explique como xestionar proxectos de Software Libre.

#### *Duración e datas estimadas*

Esta actividade iríase executando ao longo de 2011, posto que teríamos que comezar a ter contacto coas bibliotecas, universidades, etc. ver que trámites hai que seguir para que acepten o libro dentro do seu catálogo, facerlles os envíos dos exemplares impresos acordados, etc.

Dada a complexidade da xestión e loxística aparelladas, a actividade iríase executando pouco a pouco.

### ***7.- Formación en Software Libre a voluntarios de Organizacións non Lucrativas que dirixen a súa actividade á Cooperación e ao Desenvolvemento***

#### *Descrición*

Os voluntarios das Organizacións non Lucrativas, que dirixen a súa actividade á Cooperación e ao Desenvolvemento dos países do terceiro mundo, moitas veces son prescritesores de Software nos países en vía de desenvolvemento, e moitas veces (por falta de formación e coñecemento sobre Software Libre) acaban prescribindo Software Privativo, o cal supón unha barreira para estes países.

É intención de Gandalf levar a cabo unha actividade de formación sobre Software Libre dirixida precisamente a este tipo de voluntarios.

#### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Voluntarios de ONL's de Cooperación. A idea é formar a máis de 10 voluntarios.

#### *Duración e datas estimadas*

Non se pode estimar a priori unha data, xa que a Coordinadora deste tipo de Asociacións non puido concretarnos datas específicas.

Resumo da proposta**Proposta de actividades**

1. Colaboración na Organización de Conferencias Software Libre en Galicia
2. Redacción, revisión normativa, edición en formato papel e impresión dunha tirada dun libro compendio dos traballos e documentación técnica desenvolvidos ao abeiro do Máster en Software Libre
3. Colaboración na Organización da Libre Software World Conference 2011, e participación na mesma
4. Sesións de difusión en institución de Ensinanza (Primaria, Secundaria, Formación Profesional)
5. Bolsas para a elaboración de Proxectos Fin de Carreira relacionados co ecosistema do Software Libre
6. Distribución do libro “Creando Software Libre” entre entidades relacionadas e bibliotecas
7. Formación en Software Libre a voluntarios de Organizacións non Lucrativas que dirixen a súa actividade á Cooperación e ao Desenvolvemento

**Orzamento estimado total : 8.000 €**

## 10.- Plan de actuacións de GPUL

### Introdución

O **GPUL- Grupo de Programadores y Usuarios de Linux** é unha asociación adicada á promoción, formación e desenvolvemento do software libre. As principais liñas de actuación da asociación son:

- Promoción do software libre entre a comunidade universitaria e os profesionais, coa organización de eventos nos que se amosan as últimas tendencias en tecnoloxías libres de diversos campos
- Comunidade de axuda a distintos niveis de usuarios de software libre
- Formación de desenvolvedores en tecnoloxías libres e a súa promoción en grandes proxectos (Debian, Gnome, KDE, GNU...)
- Colaboración con outras asociacións ou ONG's que teñan como medio ou obxectivo final o uso de tecnoloxías libres

### Plan de actuacións detallado

#### **1.- Viaxe ao FOSDEM**

##### *Descrición*

Viaxe de formación ao FOSDEM, o congreso máis importante de software libre de Europa.

##### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Socios do GPUL.

##### *Duración e datas estimadas*

5 e 6 de febreiro de 2011.

#### **2.- Xornadas sobre Software Libre**

##### *Descrición*

As clásicas xornadas do GPUL que se levan organizando dende os comezos da asociación, unha mostra do estado das tecnoloxías do software libre en distintos campos de uso.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Universitarios e profesionais, usuarios ou desenvolvedores, de distintos niveis de coñecemento.

### *Duración e datas estimadas*

Dúas semanas en marzal de 2011

## **3.- Xornadas sobre Audio e Gráficos**

### *Descrición*

Xornadas específicas sobre tecnoloxías libres no campo da multimedia.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Universitarios e profesionais, usuarios ou desenvolvedores, de alto nivel de coñecemento.

### *Duración e datas estimadas*

1-2 días en xullo

## **4.- Xornadas sobre Tecnoloxías Web**

### *Descrición*

Xornadas específicas sobre tecnoloxías libres no campo do desenvolvemento da WWW

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Universitarios e profesionais, usuarios ou desenvolvedores, de alto nivel de coñecemento.

### *Duración e datas estimadas*

1-2 días en xullo.

## **5.- Xornadas sobre criptografía, privacidade e seguridade**

### *Descrición*

Xornadas específicas sobre tecnoloxías libres sobre todo o relacionado con seguridade na información e dereito no mundo dixital

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Universitarios e profesionais, usuarios ou desenvolvedores, de alto

nivel de coñecemento.

*Duración e datas estimadas*

1-2 días en xullo.

**6.- Xornadas de formación de desenvolvedores de software libre**

*Descrición*

Xornadas-pequeno curso de formación para xente que se quere iniciar no desenvolvemento de software libre, revisando ferramentas e metodoloxías dispoñibles

*Público obxectivo e estimación de impacto*

Estudantes universitarios de nivel medio de coñecemento

*Duración e datas estimadas*

Unha semana en abril de 2011

**7.- Xornadas de introdución para alumnos noveis**

*Descrición*

Xornadas de formación básica para xente non iniciada no mundo do software libre

*Público obxectivo e estimación de impacto*

Estudantes recién chegados á Facultade de Informática

*Duración e datas estimadas*

Dous días en outubro de 2011

**8.- Convenio de colaboración con Enxeñería Sen Fronteiras Galicia**

*Descrición*

Dende o ano 2007 de forma oficiosa, e dende o 2009 de forma oficial, o GPUL ven colaborando en diferentes tarefas de asesoría en tecnoloxías libres con a ONGD Enxeñería Sen Fronteiras.

*Público obxectivo e estimación de impacto*

Voluntarios e Socios de ESF



### *Duración e datas estimadas*

Todo o ano

## **9.- Xornada de Accesibilidade en colaboración coa GNOME Foundation no Hackfest de ATK+**

### *Descrición*

A GNOME Foundation, organización internacional con sede en Bostón (USA) que agrupa á comunidade do proxecto GNOME, está a organizar unha xuntanza de desenvolvedores (Hackfest) sobre a biblioteca software ATK+ que terá en lugar na Coruña probablemente nas datas entre o 9 e 15 de maio de 2011.

O Hackfest está sendo organizado por Alejandro Piñeiro Iglesias e Joanmarie Diggs coma responsables do grupo de accesibilidade do proxecto GNOME e traerá a Galicia aos desenvolvedores de ATK+ para traballar durante unha semana na mellora da biblioteca.

A biblioteca ATK+ é a responsable de proporcionar un conxunto de interfaces de accesibilidade que son utilizado na plataforma de desenvolvemento do proxecto GNOME. O emprego de ATK posibilita que as ferramentas de accesibilidade teñan acceso completo á vista e control dos aplicativos que executa o usuario.

A organización do Hackfest está sendo xestionada pola GNOME Foundation no seguinte enderezo:  
<http://live.gnome.org/Hackfests/ATK2011>

Aproveitando a a estancia dos desenvolvedores do proxecto de accesibilidade de GNOME, GPUL propuxo a colaboración coa organización do evento asumindo parte dos gastos do evento, en contrapartida os asistentes ao evento realizarán unha presentación nunha xornada de tarde no que presentarán o estado da accesibilidade en GNOME, as motivacións do Hackfest, os resultados obtidos e que é preciso para axudar a mellorar a accesibilidade en software libre.

### *Público obxectivo e estimación de impacto*

Desenvolvedores, universitarios e profesionais de alto nivel de coñecemento.

Persoas interesadas en coñecer o estado da accesibilidade.

### *Duración e datas estimadas*

A tarde do xoves da semana que teña lugar o Hackfest de ATK+

## 10.- GNU Hackers Meeting 2011

### Descrición

O GNU Hackers Meeting é unha reunión de desenvolvedores e simpatizantes do proxecto GNU, no que se tratan tódalas áreas relacionadas co proxecto fundacional do movemento do software libre. É un evento de carácter internacional.

### Público obxectivo e estimación de impacto

Desenvolvedores, universitarios e profesionais de alto nivel de coñecemento

### Duración e datas estimadas

9-15 de maio. Xornada aberta ao público o 12 de Maio

### Resumo da proposta

Proposta de actividades
1. Viaxe ao FOSDEM
2. Xornadas sobre Software Libre
3. Xornadas sobre Audio e Gráficos
4. Xornadas sobre Tecnoloxías Web
5. Xornadas sobre criptografía, privacidade e seguridade
6. Xornadas de formación de desenvolvedores de software libre
7. Xornadas de introdución para alumnos noveis
8. Convenio de colaboración con Enxeñería Sen Fronteiras Galicia
9. Xornada de Accesibilidade en colaboración coa GNOME Foundation no Hackfest de ATK+
10. GNU Hackers Meeting 2011
<b>Orzamento estimado total : 8.760 €</b>

## 11.- Plan de actuacións de Inestable

### Introdución

Inestable.org é unha asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída, e de ámbito local á comarca de Ordes.

Desenvolve a súa actividade achegando o software libre a zonas 100% rurais dende o ano 2003. Entre as súas actividades de difusión destaca o mantemento da tradución ao galego da popular tira cómica de Bilo e Nano.

### Plan de actuacións detallado

#### **1.- Charlas de Software Libre**

##### *Descrición*

Conferencias en Colexios, Institutos, ANPAS, Concellos e Asociacións (culturais, veciñais, etc) da Comarca de Ordes

A nosa Comarca de referencia (Ordes) está composta por 7 concellos: Ordes, Cerceda, Frades, Mesía, Trazo, Tordoia e Oroso.

##### *Público obxectivo e impacto previsto*

Por correo postal ou concertando citas vía telefónica ou persoalmente contactaremos con:

- Institutos de ensino secundario: conferencias a profesores e/ou alumnos: conferencias de 1º ou segundo nivel (introdución ou avanzado)
- Colexios: conferencia a profesores. De 1º ou 2º nivel
- Concellos: impartir conferencias, organizar charlas ou mesmo cursos cuxa iniciativa parta dos propios Concellos e así no-lo requiran.
- Asociacións: calquera tipo de organización de tipo social que teña algún tipo de necesidade de asesoramento a nivel informático, tanto como ferramenta propia ou como actividade accesoria, cultural ou formativa para as súas directivas ou asociados.

O impacto de cada evento vai ser moi diferente polas diversas tipoloxías de público obxectivo. Pódese estimar unha media por evento de 25 persoas.

Datas e duración previstas

A convir en cada caso. A proposta para os centros educativos é 1 charla por trimestre escolar.

## **2.- Obradoiro de robótica**

### *Descrición*

Neste obradoiro tentarase iniciar ós asistentes no mundo da robótica por medio de dúas plataformas ben distintas como son Arduino e Lego Mindstorms.

Dado o éxito da edición 2010 do obradoiro de robótica realizado por Inestable, temos a intención de darlle continuidade a dito evento no plan 2011.

A pasada edición consistiu en amosar o funcionamento dos kits de robótica Lego Mindstorms utilizando a linguaxe de programación LeJOS (libre e baseada en Java), utilizando linux e outras ferramentas libres como NetBeans. Isto é unha vantaxe, posto que o groso do material necesario para esta parte do obradoiro está mercado, polo que so sería necesaria a obtención de algún compoñente adicional.

Material dispoñible:

- Kit Lego Mindstorms NXT (x2)
- Kit ampliacion Lego
- Sensor xiroscópico

Na edición de 2011 preténdese engadir tamén unha parte de creación de robots utilizando a arquitectura Arduino, que constaría dunha parte de explicación da linguaxe e maneira de programar e outra na que se tentaría inculcar a reutilización de materiais para crear proxectos con este tipo de placas.

### *Público obxectivo e impacto previsto*

O obradoiro estaría orientado a calquera idade, aínda que sería interesante poder formar un equipo de rapaces entre 10 e 16 anos para asistir á Lego First League así como a xente interesada no mundo da robótica/domótica dado que o Arduino é unha plataforma altamente flexible e que permite crear dende pequenos proxectos electrónicos ate complicadas instalacións industriais.

Polo tanto os posibles participantes inclúen mozos interesados nas novas tecnoloxías así como xente con coñecementos de electrónica

ou/e electricidade que buscan complementar ditos coñecementos cos necesarios para o uso e deseño de proxectos con microcontroladores.

A experiencia na anterior edición foi ter unha asistencia de 10 persoas de media, a cal debería subir realizando o obradoiro na época primaveral ou do verán, polo que esperamos ter polo menos unha asistencia de 15 persoas alleas á asociación por charla.

#### *Duración e datas previstas*

Ao longo do ano, realizaranse charlas introdutorias ao igual que obradoiros nos que a xente teña a opción de colaborar e traballar por eles mesmos. Os obradoiros serán publicitados con anterioridade suficiente e tentarase que sexan en fines de semana, posto que foi a petición popular máis estendida.

Temos a intención de comezar co obradoiro de Arduino durante o primeiro trimestre do 2011, aínda que a maior parte será realizada nos meses de verán.

### **3.- VIII Xornadas GNU/Linux de Ordes**

#### *Descrición*

Xornadas que realizamos todos os anos para achegar GNU/Linux á xente da comarca de Ordes. Os gastos están previstos para poder ofertar conferencias e obradoiros especializados.

#### *Público obxectivo e impacto previsto*

No tocante ó público obxectivo ten un abanico moi grande xa que pretendemos achegarnos tanto á persoa que non ten grandes coñecementos sobre GNU/Linux nin sobre o software libre, pero tamén tocar temas que á xente con certos coñecementos lle poidan interesar. O rango de idades no que nos atopamos podemos dicir que oscila (de maneira orientativa) entre os 18 e 30 anos xa sexan tanto estudantes como traballadores.

O impacto destas xornadas estímase en torno a grupos de entre 15 e 20 persoas por día.

#### *Duración e datas previstas*

Xoves e venres de Semana Santa 2011

#### **4.- Stand na festa do Champiñón de Ordes**

##### *Descrición*

A Feira do Champiñón é unha festa de tipo gastronómico e de mostras comerciais e actividades de asociacións que se celebra anualmente no Concello de Ordes.

O Concello pon a disposición dos participantes stands para poder amosar ó público en xeral o contido das actividades que desenvolven.

No stand publicitaríamos as nosas actividades regulares así coma a dispoñibilidade dun local permanente, polo que nesta edición a asistencia na feira vai ser moito máis importante para o desenvolvemento das nosas actividades que na outra ocasión na que xa participamos.

Entre as actividades que podemos realizar está o baile con StepMania, xogo de guitarras con FretsOnFire e a mostra de robots que teñamos dispoñibles, xa sexa cos Lego Mindstorms ou con Arduino.

Ademais, dispoñemos de augas e viandas para as persoas que se pasen polo stand e realicen algún tipo de actividade.

##### *Público obxectivo e impacto previsto*

O impacto neste tipo de eventos é multitudinario. Polo recinto feiral estímase normalmente unha asistencia de unhas 20000 persoas. Tendo en conta o específico das nosas actividades poderíamos estimar un impacto real dunhas 300 persoas.

##### *Duración e datas previstas*

Derradeiro fin de semana de abril (25, 26 e 27)

#### **5.- Concurso de Fotografía**

##### *Descrición*

Concurso de fotografía baixo licencias libres.

Dado o auge actual da fotografía dixital, pensamos que un festival de fotografía con licenzas libres colaboraría á expansión das fontes libres.

A entrega de premios do concurso realizaríase (presumiblemente) o mesmo día do festival Cinestable 2011, e a nosa intención é que se realice unha exposición dos traballos no Centro Comarcal de Ordes. Ademais, temos interese en crear un libro coas obra presentadas

para entregar aos participantes e ao público interesado en xeral.

Relacionado con este concurso realizaremos talleres de edición gráfica con Gimp, xa sexa durante as Xornadas ou noutras datas.

#### *Público obxectivo e impacto previsto*

Con este concurso pódese conseguir que calquera persoa que posúa unha cámara participe como concursante, e dado que a entrega de premios se realizará durante o festival Cinestable e as obras estarán expostas, chegará a unha gran cantidade de público.

#### *Duración e datas previstas*

Segundo trimestre de 2011

### **6.- Cinestable II**

#### *Descrición*

Segundo festival de curtametraxes libres de Ordes.

O festival levará a concurso unha serie de obras presentadas por calquera persoa que estea interesada, coa única condición de que estea licenciada baixo unha licenza Creative Commons.

O evento consistirá nunha reprodución de obras libres fóra de concurso dunha selección das mellores que os organizadores atopemos e unha parte de concurso no que se proxectarán as obras presentadas. Con estas obras editarase un DVD que se entregará aos participantes. Ao rematar as proxeccións teremos unhas viandas para os participantes que teñan por ben desfrutalas.

#### *Público obxectivo e impacto previsto*

Despois do rotundo éxito da edición anterior, demostrouse que este festival chega a un gran abanico de xente, xa sexan participantes ou público. No 2010 obtivemos unha asistencia de máis de 110 persoas, asistencia que esperamos superar con creces.

#### *Duración e datas previstas*

Mes de agosto de 2011 (mes da cultura de Ordes)

[Resumo da proposta](#)

---

Proposta de actividades
1. Charlas de Software Libre
2. Obradoiro de robótica
3. VIII Xornadas GNU/Linux de Ordes
4. Festa do Campiñón 2011
5. Concurso de Fotografía
6. Cinestable II
<b>Orzamento estimado total : 8.760 €</b>



## 12.- Plan de actuacións de Trasnó

### Introdución

A «**Asociación Cultural para a Galeguización de Software Libre Proxecto Trasnó**» é unha organización sen ánimo de lucro do ámbito autonómico galego que representa legal e financeiramente ao Proxecto Trasnó. A asociación fúndase o 17 de Outubro de 2009 en Santiago de Compostela. Está rexistrada no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2009/013660-1 (SC).

### Plan de actuacións detallado

#### ***1.- Bolsa ao desenvolvemento de aplicativos de traballo en localización libre***

##### *Descrición*

Bolsa para proxectos de desenvolvemento, mellora ou implementación dun desenvolvemento en software libre no campo da localización, a tradución ou o soporte lingüístico ao galego ou a calquera lingua. Destinado a proxectos executados baixo licenza libre, feitos con tecnoloxías libres que se estean a desenvolver como proxectos de fin de carreira, proxectos prácticos de Formación Profesional, ...

##### *Público obxectivo e impacto previsto*

Preténdese incentivar o desenvolvemento de software libre orientado á produción de ferramentas para o apoio da localización entre os alumnos de ciclos superiores, universitarios ou recentemente licenciados.

As ferramentas que se produzan teñen o potencial de ser innovadoras a nivel mundial pola escaseza de ferramentas e o amplo campo de innovación que existe no sector. Serán de utilidade para calquera lingua do mundo e reaproveitables para outros usos e colectivos (coma o de tradutores profesionais).

##### *Datas e duración previstas*

Pendente de definir a convocatoria concreta da concesión da bolsa. A bolsa terá unha duración de 5 meses.

## **2.- Bolsa para a implementación de funcionalidade en Lokalize**

### *Descrición*

Bolsa para incentivar a implementación de funcionalidade para o aplicativo de localización de software libre Lokalize, proxecto desenvolvido polo grupo internacional de desenvolvemento KDE e amparado en España pola Asociación KDE-España. Concederase a bolsa en función da implementación proposta polos candidatos e os méritos destes.

### **Colaboracións**

Colaborarase con KDE España, formado por un grupo de desenvolvedores e contribuíntes ao proxecto KDE coa intención de dinamizar o desenvolvemento e o uso do entorno de escritorio de KDE. Entre eles forman parte da asociación programadores, empaquetadores, documentadores, tradutores e artistas.

KDE é un equipo internacional de cooperación e desenvolvemento e distribución de software libre e de código aberto que fornece de solucións de computación para escritorio e contornos móbiles. Esta comunidade produce unha gran cantidade de aplicativos para a comunicación, o entorno de traballo e o entretemento. É un equipo de desenvolvemento líder no seu sector e ampla historia fornecendo de solucións para o software libre. KDE está amparada legal e financeiramente pola entidade sen ánimo de lucro KDE e.V.

### *Datas e duración previstas*

Bolsa a asignar durante o verán que terá unha duración de 4 meses.

### *Público obxectivo e impacto previsto*

A bolsa está destinada a programadores en linguaxes libres con interese polo aplicativo Lokalize e a localización. Suporá reverter na mellora dunha ferramenta empregada por centos de localizadores en todo o mundo. Permitirá que a comunidade galega se posicione globalmente como entidade de referencia.

## **3.- Curso de localización e tradución de aplicativos libres na Universidade de Vigo**

### *Descrición*

Curso de formación en localización e tradución de aplicativos de software libre destinado a universitarios. Preténdese formar

integralmente a novos tradutores de software libre, centrándonos na tradución ao galego e formar no uso de software libre para localizar.

Este evento é simétrico do realizado en novembro do 2010 na Universidade da Coruña.

### **Colaboracións**

Cóntase coa colaboración loxística de GALPon. GALPon é unha asociación cultural sen ánimo de lucro que promove o software libre no ámbito da provincia de Pontevedra.

#### *Público obxectivo e impacto previsto*

Dirixido a universitarios e colectivos da tradución e o desenvolvemento de software libre. O curso é un curso especializado e que forma integralmente na área de localización. É polo tanto de amplo interese como saída profesional para os tradutores profesionais e os enxeñeiros informáticos.

Agárdase unha asistencia de 60 persoas e unha estimación de 4000 visitas á web do curso.

#### *Datas e duración previstas*

Primeiro semestre en Vigo

## **4.- Trasnada 11.0 e Trasnada 11.1**

### *Descrición*

Evento rotatorio para o avance na coordinación dos proxectos de localización ao galego, toma de decisións e mellora das traducións. Cunha área aberta de formación para novos tradutores e demostración de equipos localizados.

Este evento é repetición do celebrado no 2010 e pretende asentarse como o escaparate da localización galega ao público xeral e colectivos particulares, como tradutores profesionais ou mestrado.

Prevese celebrar dous eventos simétricos espaciados no ano, un na provincia de Ourense e outro na provincia de Lugo.

### **Colaboracións**

Buscarase a colaboración de OUSLI na provincia de Ourense e de GALITE e AGNIX na provincia de Lugo.

#### *Publico obxectivo e impacto previsto*

Preténdese que o acto teña dúas dimensións: unha pública e outra

propia da comunidade.

En canto aos obxectivos directos para a comunidade, preténdese que a xornada sirva para solidificar o traballo realizado na comunidade a través da web, coordinarse e a toma de decisión relativas á galeguización de aplicativos.

En canto á dimensión pública do evento, preténdese ofrecer dúas cousas:

7. Formación en localización, que forneza dos suficientes coñecementos aos asistentes como para poder comezar a localizar coa comunidade
8. Facer unha demostración de aplicativos localizados, que poida interesar a colectivos con necesidade de equipos galeguizados ou con soporte multilingüe

Estímase unha asistencia de 40 persoas por evento e unhas 2000 visitas por documento resumo da xornada.

#### *Datas e duración previstas*

Prevese celebrar un na primavera na provincia de Ourense e outro no outono na provincia de Lugo e cunha duración de unha xornada cada un.

### **5.- Premio á mellor curta libre en galego no Cinestable 2011**

#### *Descrición*

Entrega do premio á mellor curtametraxe en galego e/ou que estea relacionada coa promoción da tecnoloxía na nosa lingua no evento «Cinestable 2011» organizado pola AC Inestable.org

#### **Colaboracións**

A asociación de usuarios de GNU/Linux de Ordes, Inestable.org, nada no ano 2003, promove a difusión do software e da cultura libre na comarca de Ordes e no ámbito galego en xeral.

#### *Público obxectivo e impacto previsto*

Preténdese promocionar a lingua galega e o uso nas novas tecnoloxías da lingua entre o público xeral, especialmente a mocidade. Estímase que o acto acollerá a 200 no auditorio e un total de 500 de visitantes directos na totalidade de actos relacionados co acto e unha ampla difusión en prensa e medios dixitais do evento. Estímase unhas 5.000 visitas ao vídeo gañador na web.

### *Datas e duración previstas*

Durante o mes de Agosto no Concello de Ordes

## ***6.- Colaboración coa AGPTI: Análise de solucións libres para a tradución profesional***

### *Descrición*

Análise de necesidades e busca de solucións para a tradución profesional con ferramentas de software libre para fornecerlle á AGPTI (Asociación galega de profesionais da tradución e a interpretación). Formación nas ferramentas que fornezan de tal solución.

### **Colaboracións**

Colaboran a «Asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación», que é a asociación que pretende establecer unha plataforma de traballo conxunto para as/os profesionais da tradución e da interpretación que traballan en Galicia. Ten por principios fundamentais, entre outros, promocionar a lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos, proporcionar ás/aos profesionais da tradución e interpretación posibilidades de formación continuada non formal e proporcionar un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da tradución e da interpretación.

### *Publico obxectivo e impacto previsto*

Preténdese achegar a un colectivo parello ao noso un conxunto de ferramentas libres que lles permitan traballar con ferramentas axeitadas, liberándoos de custosa cargas económicas do software privativo que usan e educándoos en valores que promovan a creación de recursos libres de tradución.

Esta colaboración é innovadora e pretende buscar unha solución a un problema real dun colectivo numericamente importante.

### *Datas e duración previstas*

Realizarase unha serie de reunións conxuntas durante o primeiro semestre do ano coa AGPTI e fornecerase unha solución durante o segundo. Presentarase as conclusións nun evento de demostración e formación a finais de ano destinado a tradutores profesionais.

## Resumo da proposta

<b>Proposta de actividades</b>
1. Bolsa ao desenvolvemento de aplicativos de traballo en localización libre
2. Bolsa para a implementación de funcionalidade en Lokalize
3. Curso de localización e tradución de aplicativos libres na Universidade de Vigo
4. Trasnada 11.0 e Trasnada 11.1
5. Premio á mellor curta libre en galego no Cinestable 2011
6. Colaboración coa AGPTI: Análise de solucións libres para a tradución profesional
<b>Orzamento estimado total : 8.760€</b>



XUNTA  
DE GALICIA